

PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN

2011-2013



XUNTA  
DE GALICIA





## ÍNDICE

1. ÍNDICE .....	1
2. A EMIGRACIÓN GALEGA.....	3
2.1 SOBRE AS CAUSAS DA EMIGRACIÓN.....	3
2.2 OS CICLOS MIGRATORIOS E OS DESTINOS DA EMIGRACIÓN GALEGA.....	6
2.2.1 Emigración a América:.....	6
2.2.2 Emigración continental ou europea.....	13
2.2.3 Emigración dentro do Estado español. ....	18
3. A GALICIA EXTERIOR NO SÉCULO XXI.....	22
4. PRINCIPAIS INDICADORES DEMOGRÁFICOS DA GALICIA EXTERIOR .....	24
6. UN COMPROMISO COA GALEGUIDADE .....	36
6.1 A GALEGUIDADE: REALIDADES E PERSPECTICAS.....	36
6.2 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	38
7. UN COMPROMISO SOCIAL COA GALEGUIDADE. ....	41
7.1 AS POLÍTICAS SOCIO-ASISTENCIAIS: UNHA CONSTANTE NA GALEGUIDADE.....	41
7.2 UNHA POLÍTICA SOCIO-ASISTENCIAL ADECUADA ÁS NECESIDADES DA GALEGUIDADE. ....	42
7.3 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	43
8. UN COMPROMISO COA XUVENTUDE.....	45
8.1 GALEGUIDADE E XUVENTUDE: O ESFORZO DA INTEGRACIÓN.....	45
8.2 A XUVENTUDE GALEGA NO EXTERIOR: OS EFECTOS DA GLOBALIZACIÓN CULTURAL E A PERDA DE SINAIS DE IDENTIDAD.....	46
8.3 INTEGRAR Á XUVENTUDE NAS COMUNIDADES GALEGAS: UNHA RESPONSABILIDADE COMPARTIDA.....	48
8.4 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	49
9. UN COMPROMISO COA MULLER.....	51
9.1 MULLER E GALEGUIDADE: RECOÑECER A ACHEGA DAS MULLERES E ABRIR A GALEGUIDADE Á PARTICIPACIÓN ACTIVA DA MULLER .....	51



9.2	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	52
10.	MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA.....	54
10.1	MARCO NORMATIVO EUROPEO .....	54
10.2	MARCO NORMATIVO ESTATAL.....	55
10.3	MARCO NORMATIVO GALEGO .....	58
11.	PLAN DE ACCIÓN .....	76
11.1	PROGRAMAS DE AXUDA E SUBVENCIÓNS .....	76
11.1.1.	ATENCIÓN SOCIO-ASISTENCIAL AOS GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR .....	80
11.1.2	PROGRAMAS DE ACTUACIÓN EN FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.....	83
11.1.3	SOCIEDADE DO COÑECEMENTO .....	88
11.1.4	XUVENTUDE .....	90
11.1.5	RETORNO.....	94
12.	CONCLUSIÓNS DOS RELATORIOS DO IX CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS. MONTEVIDEO. DECEMBRO 2009. ....	96
12.1	CONCLUSIÓNS DO PRIMEIRO RELATORIO: GALEGUIDADE.....	96
12.2	CONCLUSIÓNS AO SEGUNDO RELATORIO: MULLER E XUVENTUDE .....	99
12.3	CONCLUSIONS AO TERCEIRO RELATORIO: POLITICAS SOCIOASISTENCIAIS .....	101
12.4	CONCLUSIÓNS AO CUARTO RELATORIO: TECNOLOXÍA E CULTURA .....	103
13.	CONCLUSIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS. SANTIAGO DE COMPOSTELA. AGOSTO 2010.....	105
14.	ENTIDADES COA GALEGUIDADE RECOÑECIDA .....	110



## A EMIGRACIÓN GALEGA

### 2.1 SOBRE AS CAUSAS DA EMIGRACIÓN.

Os ciclos migratorios galegos, que se desenvolven de forma esencial entre mediados do século XIX ata os anos 70 do século XX, condicionaron de forma esencial a historia contemporánea de Galicia e afectaron á súa estrutura económica, social e política.

As análises máis recentes da emigración galega, relacionadas co estudo do fenómeno migratorio europeo, fundamentalmente a coñecida como emigración masiva a Ultramar, ás chamadas “novas Europas” desde mediados do século XIX ata mediados do século XX, tenden a matizar as causas esenciais do fenómeno migratorio.

Se tradicionalmente a emigración galega se poñía en relación directa coa pobreza da clase campesiña galega e cun excedente demográfico da poboación en comparación cos recursos dispoñibles, a moderna historiografía demostra que no caso galego se produce o maior éxodo migratorio precisamente cando tanto o factor económico e produtivo como o demográfico non presentan os factores sinalados como impulsores dun éxodo poboacional<sup>1</sup>.

Aínda que non se pode negar que a estrutura agraria galega e a falta dun proceso de industrialización que proletarizase a unha parte do excedente poboacional do campesiñado galego conduciron a unha parte da nosa poboación a tomar a decisión de emigrar hai outros factores de expulsión/atracción que condicionaron de forma esencial a emigración galega.

---

<sup>1</sup> Villares, Ramón e Fernández, Marcelino. *Historia da emigración galega a América. Colección A Nosa Diáspora*. Ed. Xunta de Galicia. 1996.



Un destes factores é a relación entre emigración e desenvolvemento económico, tanto das sociedades de destino como das de orixe, falaríamos entón da emigración como un factor de prosperidade incipiente, que en Galicia tivo como consecuencia directa a propietarización das terras mediante compras feitas coas remesas dos emigrantes, a modernización técnica tanto de utensilios como de maquinaria agraria e a incorporación masiva da produción agraria aos mercados.

Outra das teorías clásicas que explican o feito migratorio galego relacionándoo cunha presión demográfica excesiva non ten en conta que o crecemento vexetativo da poboación de Galicia no seu período máis álxido de emigración (1853-1960) é baixo.


Se sistematizamos pois as causas que motivaron aos galegos a tomar a decisión de emigrar veremos un abanico de factores tanxibles e intanxibles que condicionan dita decisión:

- A emigración galega provoca e promove a transformación produtiva e a posesión das terras o que desenvolve economicamente a Galicia.
- As facilidades no transporte a partir da segunda metade do século XIX e a proximidade dos portos de embarque (A Coruña, Vigo, Ferrol) fomenta a formación de cadeas migratorias etnicamente homoxéneas. No caso de Galicia o seu reflexo é a formación de sociedades parroquiais trasladadas homoxeneamente de orixe a destino.



**Movemento Migratorio Transoceánico. por porto de saída: 1939-1949**


Fonte: INE. Base de datos histórica. Anuarios 1940-1950. Fondo documental do Instituto Nacional de Estadística.



◆ Puerto de A Coruña    ■ Puerto de Vigo    ▲ Puerto de Ferrol

**Movemento Migratorio Transoceánico. por porto de saída: 1950-1962**

Fonte: INE. Base de datos histórica. Anuarios 1951-1963. Fondo documental do Instituto Nacional de Estadística.





- A información previa que o emigrante en potencia ten sobre o seu lugar de destino, condiciona a decisión de emigrar. As cartas doutros emigrantes, a información achegada polos retornados, a propaganda exercida polos axentes de emigración e polas casas consignatarias e navieiras e a acción das sociedades galegas no exterior, promoven a consolidación de cadeas migratorias en parroquias, municipios e no conxunto da nosa Comunidade, nunha comuñón da decisión individual e a colectiva, entre os feitos tanxibles e as motivacións intanxibles e individuais de cada galego que toma a decisión de emigrar.

## 2.2 OS CICLOS MIGRATORIOS E OS DESTINOS DA EMIGRACIÓN GALEGA.

Polo lugar de destino da emigración podemos distinguir tres grandes ciclos migratorios en Galicia:

### 2.2.1 Emigración a América:

A emigración americana desenvólvese en diferentes fases moi condicionadas polas circunstancias históricas galegas e españolas e tamén polas dos países de acollida, segundo o profesor Ramón Villares<sup>2</sup>, podemos distinguir 6 fases históricas da emigración galega a ultramar:

- 1) A emigración en época colonial: ss. XVI-XVIII.
- 2) A emigración clandestina: 1810-1853.
- 3) Os inicios da emigración legal: 1853-1880.
- 4) A emigración masiva: 1880-1930.
- 5) 1930-1945. Crises e exilios.
- 6) O repunte da emigración: 1946-1960.

---

<sup>2</sup> Villares, Ramón e Fernández Marcelino. *Historia da emigración galega a América. Colección A Nosa Diáspora*. Ed. Xunta de Galicia. 1996.




En conxunto a situación política, social e económica galega e española e a dos países de acollida determinan o volume e a continuidade dos fluxos migratorios.

Na América colonial, a achega galega á conquista e colonización, aínda que está presente desde os seus inicios, entre os séculos XVI e XVIII, a emigración galega foi un fenómeno puntual.

### Porcentaxe acumulada de emigrantes saídos por rexións españolas de 1493-1600

Fonte: P. Boyd-Bowman (1976). Citado por C. Martínez Shaw (1994). Citado por R. Villares Paz (1996)




É a partir da década de 1760, co establecemento dunha liña regular de Correos Marítimos de España con Indias, na Coruña, ademais da crise agraria de 1768-1771 e as colonizacións programadas con poboación galega na área da Prata. Entre os anos 1765 e 1800 sextuplicase a proporción de galegos emigrados a terras americanas.





### Porcentaxe acumulada de emigrantes saídos por rexións españolas de 1765-1800

Fonte: E. Lemús/R. Márquez (1992). Citado por R. Villares Paz (1996)



Entre os anos 1810-1853 prodúcese un parón na saída de emigrantes provocado pola independencia dos estados americanos e o non recoñecemento dos novos estados pola coroa española ata a década de 1830 e polas políticas de restrición da emigración que perduran ata 1853. Aínda así, entre os anos 1836 e 1853, estudosos galegos cifran a saída de emigrantes galegos en 93.040, que representan o 40% do total español<sup>3</sup>.

Entre os anos 1830 e 1853 renóvanse os ciclos migratorios galegos, impulsados por dous fenómenos como son a saída de barcos legalizados que non soamente viaxan ás Antillas senón tamén ás novas repúblicas suramericanas, principalmente da área da Prata e a saída ilegal de prófugos ao servizo militar, que será unha constante no

<sup>3</sup> Eiras Roel, A., 1993




século XIX e XX. É nesta época cando se empeza a utilizar o xentilicio galego para referirse ao conxunto dos españois residentes nestas repúblicas.

No ano 1853 coa publicación da R.O. do 16 de setembro de 1853, ábrese o recoñecemento legal do feito migratorio que xa se viña producindo anteriormente de forma imparable. Esta migración que ten a súa continuidade como fenómeno sociolóxico en Galicia ata os anos 60 do século XX é o que condicionou a nosa historia contemporánea e fixou a visión da emigración ao subconsciente colectivo dos galegos.

### Saídas de emigrantes Galicia / Resto España 1860-1960

Fontes: 1860-1861, "Pasaportes para fuera del Reino", Anuario estadístico de España 1860-1861, Madrid, 1862. 1885-1890, Instituto Xeográfico e Estadístico, Estadísticas de Emigración e Inmigración





Como se pode comprobar no gráfico anterior, a saída de emigrantes en España e Galicia manteñen unha evolución paralela e moi condicionada polos acontecementos socio-políticos que se producen no contexto español e europeo da época. Así vemos descensos na saída de emigrantes que se corresponden coa primeira guerra mundial, a Segunda República Española e a guerra civil española e a segunda guerra mundial.

Os períodos de maior saída de emigrantes galegos -e españois- correspóndense aos períodos 1889-1913, 1919-1922 e 1949-1958.


Entre os anos 1926-1933 a emigración galega transoceánica superou á do resto de España en cifras absolutas.

Se comparamos as taxas de emigración por cada 1.000 habitantes poderemos comprobar que Galicia mantivo de forma continuada unha maior taxa de emigración que o conxunto de España.



### Saídas de emigrantes Galicia / Resto España 1860-1960 Taxa de emigración x 1000 habitantes

Fontes: 1860-1861, "Pasaportes para fuera del Reino", Anuario estadístico de España 1860-1861, Madrid, 1862. 1885-1890, Instituto Xeográfico e Estadístico, Estadí



Aínda que as orixes do asociacionismo galego no exterior, hai que buscalas na primeira metade do século XVIII coa constitución da “Congregación de Naturales del reino de Galicia” cuxa sede estaba en Madrid e as posteriores de México 4, e Bos Aires (1790), é a partir de mediados do século XIX cando xorde o asociacionismo galego co carácter, obxectivos, estrutura e fins que hoxe coñecemos e recoñecemos na Lei de Galegitude.

<sup>4</sup> Soto Pérez, José Luís: “A Real Congregación dos Naturais e Orixinarios do Reino de Galicia en México”. Consello da Cultura Galega. Santiago. 1998.



Esta época que dura ata mediados do século XX é a que define o gran movemento migratorio galego ao exterior; irregular -no seu volume- no tempo pero continuado, cunha forte presenza de grupos pertencentes á mesma parroquia distribuídos nas mesmas cidades de acollida, cunha relación continuada con Galicia que, en moitos casos promoveu o retorno destes emigrantes aos seus lugares de orixe, e coa creación e consolidación dun movemento asociativo de carácter parroquial e municipal centrado na asistencia e apoio socio-asistencial ao emigrante e ao mantemento dos lazos culturais e sociais entre os galegos do exterior e Galicia.


En canto aos destinos desta emigración a ultramar, a República de Arxentina e a provincia de Cuba, República de Cuba a partir de 1898, son os destinos nos que se asenta principalmente a emigración galega, A República Oriental do Uruguai, Brasil, México, Estados Unidos e Venezuela son outros países cunha presenza significativa de emigrantes galegos.

O asentamento dos galegos en América é de carácter urbano, destacando cidades como Bos Aires, Montevideo, Río de Janeiro, Sao Paulo, Salvador, México D.F., Caracas, Miami ou Nova York como os principais polos de atracción da emigración galega a ultramar.



**PRINCIPAIS PAÍSES DESTINO DA EMIGRACIÓN ESPAÑOLA 1909-1930**

Fonte: INE. Base de datos histórica. Anuarios 1951-1963. Fondo documental do Instituto Nacional de Estadística.



**2.2.2 Emigración continental ou Europea**


A emigración galega a Europa, inmersa nun movemento migratorio xeral que se produce no estado español, comeza a ser un fenómeno masivo desde o comezo da década de 960, no ano 1962 o Instituto Nacional de Estadística comeza a xerar series estatísticas da emigración continental asistida polo Instituto Español de Emigración.

Esta emigración substitúe paulatinamente á emigración a ultramar e achega aos países europeos industrializados a man de obra necesaria para o seu desenvolvemento económico que se irá consolidando nesta década e as seguintes.




### Emigración A Coruña transoceánica /Europea/Interior

Fonte: INE. Anuarios estadísticos de emigración 1963-1981



### Emigración Lugo Transoceánica /Europea/Interior


Fonte: INE. Anuarios estadísticos de emigración 1963-1981






**Emigración Ourense Transoceánica /Europea/Interior**

Fonte: INE. Anuarios estadísticos de emigración 1963-1981



—◆— Transoceánica    -■- Europea    —▲— Interior

**Emigración Pontevedra Transoceánica /Europea/Interior**



A pesar de que os datos oficiais que se manexan non reflicten o número total de galegos emigrados aos países europeos nestes anos xa que non contabilizan a aqueles emigrantes que saíron cara a Europa á marxe da asistencia do Instituto Español de Emigración, si sinalan a tendencia clara de substitución espacial dun movemento migratorio constante, é un novo ciclo máis espacial que temporal que substitúe destinos pero que non achega novas especificidades ás causas e desenvolvemento do ciclomigratorio.






Quizais, a característica máis apreciable da emigración galega a Europa sexa a vontade de retorno xa desde o momento en que se produce a decisión e emigrar. Este feito intanxible condiciona en gran parte á emigración en Europa xa que esta, tanto por razón da distancia entre orixe e destino e a mellora das comunicacións provoca que o emigrante europeo estea constantemente cun pé en Galicia e sexa, de forma xeral, máis activo á hora de planificar un retorno que o emigrante americano.

As propias sociedades galegas en Europa responden a este perfil e teñen esencialmente un carácter máis cultural que socio-asistencial na relación que establecen coas colectividades galegas nos seus países de acollida.


Por destinos desta emigración, esencialmente diríxese a Suíza, principal destino da emigración e en menor contía a Alemaña, Holanda, Francia, Reino Unido e Bélxica. É unha emigración espacialmente máis dispersa pois os emigrantes diríxense ás cidades fabrís europeas.

Emigración A Coruña a Europa. Asistidos polo Instituto Español de Emigración: 1964-1980






Emigración Lugo a Europa. Asistidos polo Instituto Español de Emigración: 1964-1980






**Emigración Ourense a Europa. Asistidos polo Instituto Español de Emigración: 1964-1980**



**Emigración Pontevedra a Europa. Asistidos polo Instituto Español de Emigración: 1964-1980**



**2.2.3 Emigración dentro do Estado español.**



Este ciclo migratorio é o menos estudado pola nosa historiografía contemporánea, ben é certo que o movemento de poboación galega a outras rexións españolas é un feito contrastado desde o século XVI.


Se estudamos os gráficos correspondentes aos movementos migratorios comparados desde 1960 poderemos apreciar que é na provincia de Lugo onde esta emigración interior ten unha maior forza, en termos relativos, sobre as outras provincias galegas e, superando a emigración continental.

Esta emigración diríxese fundamentalmente ás rexións industrializadas e con urxencia económica nesta segunda metade do século XX. Esencialmente Cataluña, País Vasco e Madrid, aínda que se pode apreciar a súa pegada en case todas as rexións españolas.

A estrutura das entidades galegas noutras rexións españolas, salvando a determinados centros galegos históricos como o de Madrid ou o de Barcelona, teñen unha esencia moi similar ao das entidades galegas en Europa, máis envorcadadas no mantemento dos lazos culturais e sociais que na atención socio asistencial aos galegos residentes nas súas localidades.




**Emigración A Coruña Interior. Provincias de destino: 1964-1967**



	Alava	Alicante	Barcelona	Cádiz	Gerona	Guipúzcoa	León	Madrid	Málaga	Murcia	Navarra	Oviedo	Las Palmas	Tenerife	Santander	Valencia	Valladolid	Vizcaya	Zaragoza
1967	50,0	20,0	337,0	30,0	19,0	87,0	31,0	218,0	4,0	35,0	19,0	80,0	42,0	30,0	15,0	36,0	13,0	560,0	19,0
1966	25,0	11,0	338,0	18,0	8,0	48,0	15,0	146,0	,0	35,0	10,0	31,0	24,0	9,0	12,0	33,0	4,0	362,0	4,0
1965	88,0	11,0	595,0	19,0	21,0	169,0	34,0	307,0	40,0	12,0	36,0	107,0	11,0	41,0	15,0	56,0	17,0	855,0	11,0
1964	126,0	3,0	610,0	11,0	34,0	262,0	45,0	357,0	8,0	35,0	22,0	76,0	26,0	20,0	28,0	54,0	38,0	971,0	12,0


**Emigración Lugo Interior. Provincias de destino: 1964-1967**




	Alava	Barcelona	Gerona	Guipúzcoa	León	Madrid	Navarra	Oviedo	Salamanca	Santander	Tarragona	Valencia	Valladolid	Vizcaya	Zaragoza
1967	14,0	1265,0	26,0	72,0	54,0	212,0	2,0	159,0	,0	9,0	1,0	19,0	8,0	471,0	15,0
1966	7,0	1208,0	15,0	52,0	8,0	145,0	8,0	56,0	10,0	12,0	15,0	11,0	27,0	370,0	6,0
1965	33,0	2208,0	34,0	105,0	107,0	337,0	14,0	181,0	24,0	8,0	14,0	29,0	18,0	904,0	4,0
1964	64,0	2762,0	50,0	122,0	80,0	404,0	45,0	163,0	7,0	12,0	10,0	19,0	9,0	1122,0	13,0



Emigración Ourense Interior. Provincias de destino: 1964-1967



Emigración Pontevedra Interior. Provincias de destino: 1964-1967





### 3. A GALICIA EXTERIOR NO SÉCULO XXI

A galegidade deste século XXI, está pechando os ciclos históricos da emigración galega nesta idade contemporánea. Do fenómeno de desarraigamento, da mutilación social, laboral e demográfica de Galicia, dos esforzos polo mantemento dos lazos que nos dimensionaban como pobo chegamos a unha galegidade madura, integrada nas súas sociedades de acollida, parte xa do devir histórico de países americanos, europeos e da realidade de diferentes comunidades autónomas españolas.

Se hai unhas décadas, os emigrantes, os galegos do exterior, eran un conxunto unificado pola vivencia persoal da emigración, agora, a Galicia emigrante avanzou un par de xeracións que modificaron substancialmente a esencia primixenia da galegidade.

¿Que características diferenciadoras se poden apreciar na Galicia exterior do século XXI?:

- Multicultural. A integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acollida, achéganos unha base demográfica de galegos e descendentes con achegas culturais de países tan variados como Arxentina, Canadá, Reino Unido, Francia, Cuba, Estados Unidos ou Venezuela. Está aínda por definir, de que xeito a galegidade poderá pór en valor esta riqueza cultural, social e económica que a Galicia exterior posúe. Este é o gran reto da galegidade para este século.
- Nova. Se valorásemos a situación da galegidade polo que podemos apreciar en moitas das nosas entidades, daríanos a impresión de que a Galicia exterior acabará en breve por ser un recordo do pasado, as vivencias do avó que veu dun lugar chamado Galicia. Unha gran parte da nosa Galicia exterior xa non é localizable nas entidades galegas; está nas universidades, nos centros de traballo e negocios, nos parlamentos e nos centros culturais de moitos países europeos e americanos. Estes galegos e os seus descendentes deben atopar un lugar onde sentir a esencia dun pobo ao que pertencen e que ten a vontade de seguir mantendo os lazos vitais, culturais e sociais que nos dimensionan.
- Global. O mundo global é unha realidade en xestación. Todos somos conscientes das vantaxes e os inconvenientes que este proceso mundial achega. Os desaxustes económicos e financeiros coas súas consecuencias no



emprego, na capacidade adquisitiva e na calidade de vida de moitos dos nosos paisanos residentes en países latinoamericanos marcaron os esforzos da galeguidade nos anos 80, 90 e no comezo deste século XXI. Debemos empezar a ser conscientes das oportunidades que a globalización nos ofrece e estamos obrigados a pór as nosas potencialidades en valor en todos os países nos que existe poboación galega residente. Con xenerosidade, con intelixencia e desde os valores democráticos, solidarios e abertos que conforman á Galicia universal.





#### 4. PRINCIPAIS INDICADORES DEMOGRÁFICOS DA GALICIA EXTERIOR

PESO DA POBOACIÓN GALEGA RESIDENTE AUSENTE SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN DOS MUNICIPIOS DE GALICIA							
PROVINCIA A CORUÑA							
Fonte: INE. CERA, setembro 2009							
MUNICIPIO	COMARCA	CERA	CER	TOTAL ELECTORES	% CERA SOBRE TOTAL ELECTORES	% CERA SOBRE TOTAL ELECTORES COMARCA	
NEGREIRA	A BARCALA	1.452	5.781	7.233	20,07%	23,19%	
BAÑA (A)	A BARCALA	1.378	3.985	5.363	25,69%		
ABEGONDO	A CORUÑA	1.131	5.057	6.188	18,28%	9,02%	
ARTEIXO	A CORUÑA	1.292	23.339	24.631	5,25%		
BERGONDO	A CORUÑA	888	5.665	6.553	13,55%		
CAMBRE	A CORUÑA	840	18.456	19.296	4,35%		
CARRAL	A CORUÑA	595	4.945	5.540	10,74%		
CORUÑA (A)	A CORUÑA	17.182	202.018	219.200	7,84%		
CULLEREDO	A CORUÑA	930	22.150	23.080	4,03%		
OLEIROS	A CORUÑA	1.743	26.271	28.014	6,22%		
SADA	A CORUÑA	1.445	11.749	13.194	10,95%		
ARZÚA	ARZÚA	1.034	5.651	6.685	15,47%		13,66%
BOIMORTO	ARZÚA	267	2.031	2.298	11,62%		
PINO (O)	ARZÚA	624	4.120	4.744	13,15%		
TOURO	ARZÚA	611	3.623	4.234	14,43%		
POBRA DO CARAMIÑAL (A)	BARBANZA	562	8.263	8.825	6,37%	8,26%	
RIBEIRA	BARBANZA	1.744	21.768	23.512	7,42%		
BOIRO	BARBANZA	1.067	15.263	16.330	6,53%		
RIANXO	BARBANZA	1.439	9.859	11.298	12,74%		
PONTECESO	BERGANTIÑOS	1.517	5.501	7.018	21,62%	20,24%	
CORISTANCO	BERGANTIÑOS	1.490	6.436	7.926	18,80%		
CABANA DE BERGANTIÑOS	BERGANTIÑOS	1.392	4.332	5.724	24,32%		
CARBALLO	BERGANTIÑOS	4.183	25.682	29.865	14,01%		
LAXE	BERGANTIÑOS	1.225	2.901	4.126	29,69%		
LARACHA (A)	BERGANTIÑOS	1.733	9.575	11.308	15,33%		
MALPICA DE BERGANTIÑOS	BERGANTIÑOS	1.227	5.605	6.832	17,96%		
CURTIS	BETANZOS	631	3.646	4.277	14,75%		14,23%
MIÑO	BETANZOS	446	4.594	5.040	8,85%		
VILASANTAR	BETANZOS	210	1.286	1.496	14,04%		
ARANGA	BETANZOS	456	1.959	2.415	18,88%		
IRIXOA	BETANZOS	183	1.364	1.547	11,83%		



OZA DOS RÍOS	BETANZOS	428	2.821	3.249	13,17%	
BETANZOS	BETANZOS	1.491	11.128	12.619	11,82%	
CESURAS	BETANZOS	451	2.033	2.484	18,16%	
COIRÓS	BETANZOS	404	1.509	1.913	21,12%	
PADERNE	BETANZOS	312	2.403	2.715	11,49%	
VILARMAIOR	BETANZOS	176	1.176	1.352	13,02%	
CABANAS	EUME	273	2.846	3.119	8,75%	9,77%
CAPELA (A)	EUME	219	1.246	1.465	14,95%	
MONFERO	EUME	357	2.055	2.412	14,80%	
PONTEDEUME	EUME	630	7.096	7.726	8,15%	
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)	EUME	227	9.931	10.158	2,23%	
ARES	FERROL	445	4.714	5.159	8,63%	8,08%
CEDEIRA	FERROL	508	6.220	6.728	7,55%	
SAN SADURNIÑO	FERROL	283	2.826	3.109	9,10%	
MOECHE	FERROL	265	1.246	1.511	17,54%	
FENE	FERROL	853	12.199	13.052	6,54%	
FERROL	FERROL	2.636	62.091	64.727	4,07%	
MUGARDOS	FERROL	435	4.862	5.297	8,21%	
NARÓN	FERROL	599	31.293	31.892	1,88%	
NEDA	FERROL	339	4.795	5.134	6,60%	
SOMOZAS (AS)	FERROL	197	1.205	1.402	14,05%	
VALDOVIÑO	FERROL	307	6.103	6.410	4,79%	
MUXÍA	FISTERRA	1.880	4.650	6.530	28,79%	23,83%
FISTERRA	FISTERRA	1.974	4.128	6.102	32,35%	
CEE	FISTERRA	1.249	6.483	7.732	16,15%	
CORCUBIÓN	FISTERRA	336	1.514	1.850	18,16%	
DUMBRÍA	FISTERRA	978	3.144	4.122	23,73%	
CARNOTA	MUROS	1.351	4.363	5.714	23,64%	19,44%
MUROS	MUROS	1.483	8.248	9.731	15,24%	
NOIA	NOIA	1.600	12.495	14.095	11,35%	16,68%
LOUSAME	NOIA	820	3.238	4.058	20,21%	
OUTES	NOIA	1.905	6.421	8.326	22,88%	
PORTO DO SON	NOIA	1.146	8.166	9.312	12,31%	
ROIS	O SAR	824	4.296	5.120	16,09%	15,09%
DODRO	O SAR	495	2.605	3.100	15,97%	
PADRÓN	O SAR	1.158	7.608	8.766	13,21%	
FRADES	ORDES	428	2.435	2.863	14,95%	17,43%
TORDOIA	ORDES	1.134	3.772	4.906	23,11%	
TRAZO	ORDES	1.003	3.134	4.137	24,24%	
CERCEDA	ORDES	1.427	4.851	6.278	22,73%	
MESÍA	ORDES	422	2.655	3.077	13,71%	
ORDES	ORDES	1.830	10.540	12.370	14,79%	
OROSO	ORDES	499	5.386	5.885	8,48%	




MAÑÓN	ORTEGAL	356	1.454	1.810	19,67%	17,00%
CARIÑO	ORTEGAL	192	3.959	4.151	4,63%	
CERDIDO	ORTEGAL	258	1.205	1.463	17,63%	
ORTIGUEIRA	ORTEGAL	2.209	6.258	8.467	26,09%	
SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO	7.597	77.895	85.492	8,89%	16,36%
VAL DO DUBRA	SANTIAGO	2.606	3.848	6.454	40,38%	
VEDRA	SANTIAGO	940	4.353	5.293	17,76%	
AMES	SANTIAGO	1.775	20.159	21.934	8,09%	
BOQUEIXÓN	SANTIAGO	755	3.737	4.492	16,81%	
BRIÓN	SANTIAGO	1.023	5.911	6.934	14,75%	
TEO	SANTIAGO	1.245	14.521	15.766	7,90%	
MELIDE	TERRA DE MELIDE	864	6.982	7.846	11,01%	19,25%
SOBRADO	TERRA DE MELIDE	541	1.948	2.489	21,74%	
SANTISO	TERRA DE MELIDE	714	1.776	2.490	28,67%	
TOQUES	TERRA DE MELIDE	235	1.272	1.507	15,59%	
CAMARIÑAS	TERRA DE SONEIRA	1.466	5.114	6.580	22,28%	26,33%
ZAS	TERRA DE SONEIRA	1.533	4.650	6.183	24,79%	
VIMIANZO	TERRA DE SONEIRA	3.231	6.886	10.117	31,94%	
MAZARICOS	XALLAS	1.518	4.332	5.850	25,95%	26,67%
SANTA COMBA	XALLAS	3.327	8.818	12.145	27,39%	

**PESO DEMOGRÁFICO DOS  
GALEGOS RESIDENTES  
AUSENTES SOBRE O TOTAL DA  
POBOACIÓN GALEGA**



**PROVINCIA DA CORUÑA**





PESO DA POBOACIÓN GALEGA RESIDENTE AUSENTE SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN DOS MUNICIPIOS DE GALICIA.

PROVINCIA LUGO

Fonte: INE. CERA, setembro 2009

MUNICIPIO	COMARCA	CERA	CER	TOTAL ELECTORES	% CERA SOBRE TOTAL ELECTORES	%CERA SOBRE TOTAL ELECTORES COMARCA
NAVIA DE SUARNA	ANCARES (OS)	1.020	1.348	2.368	43,07%	25,37%
BARALLA	ANCARES (OS)	330	2.577	2.907	11,35%	
BECERREÁ	ANCARES (OS)	927	2.862	3.789	24,47%	
CERVANTES	ANCARES (OS)	629	1.592	2.221	28,32%	
NOGAIS (AS)	ANCARES (OS)	417	1.244	1.661	25,11%	
PEDRAFITA DO CEBREIRO	ANCARES (OS)	305	1.212	1.517	20,11%	
TABOADA	CHANTADA	1.047	3.019	4.066	25,75%	28,42%
CHANTADA	CHANTADA	2.536	7.596	10.132	25,03%	
CARBALLEDO	CHANTADA	1.307	2.481	3.788	34,50%	
BALEIRA	FONSAGRADA (A)	606	1.415	2.021	29,99%	36,41%
FONSAGRADA (A)	FONSAGRADA (A)	2.565	4.047	6.612	38,79%	
NEGUEIRA DE MUÑIZ	FONSAGRADA (A)	121	178	299	40,47%	
GUNTÍN	LUGO	255	2.809	3.064	8,32%	9,74%
CORGO (O)	LUGO	376	3.595	3.971	9,47%	
OUTEIRO DE REI	LUGO	140	4.266	4.406	3,18%	
PORTOMARÍN	LUGO	303	1.590	1.893	16,01%	
CASTROVERDE	LUGO	580	2.771	3.351	17,31%	
FRIOL	LUGO	623	3.885	4.508	13,82%	
LUGO	LUGO	4.674	77.810	82.484	5,67%	
RÁBADE	LUGO	62	1.411	1.473	4,21%	
FOZ	MARIÑA CENTRAL (A)	521	8222	8743	5,96%	
BURELA	MARIÑA CENTRAL (A)	38	7.108	7.146	0,53%	
ALFOZ	MARIÑA CENTRAL (A)	294	1.859	2.153	13,66%	
MONDOÑEDO	MARIÑA CENTRAL (A)	856	3.933	4.789	17,87%	
VALADOURO (O)	MARIÑA CENTRAL (A)	131	1.949	2.080	6,30%	
LOURENZÁ	MARIÑA CENTRAL (A)	519	2173	2692	19,28%	
CERVO	MARIÑA OCCIDENTAL (A)	282	3.992	4.274	6,60%	12,75%
XOVE	MARIÑA OCCIDENTAL (A)	230	3.027	3.257	7,06%	
OUROL	MARIÑA OCCIDENTAL (A)	384	1.093	1.477	26,00%	
VICEDO (O)	MARIÑA OCCIDENTAL (A)	304	1.768	2.072	14,67%	
VIVEIRO	MARIÑA OCCIDENTAL (A)	1.359	13.018	14.377	9,45%	
BARREIROS	MARIÑA ORIENTAL (A)	278	2.819	3.097	8,98%	
PONTENOVA (A)	MARIÑA ORIENTAL (A)	401	2.513	2.914	13,76%	
TRABADA	MARIÑA ORIENTAL (A)	217	1.231	1.448	14,99%	




RIBADEO	MARIÑA ORIENTAL (A)	958	8.257	9.215	10,40%	
MEIRA	MEIRA	285	1.530	1.815	15,70%	
POL	MEIRA	514	1.631	2.145	23,96%	16,93%
RIOTORTO	MEIRA	296	1.382	1.678	17,64%	
RIBEIRA DE PIQUÍN	MEIRA	74	635	709	10,44%	
FOLGOSO DO COUREL	QUIROGA	324	1.144	1.468	22,07%	
RIBAS DE SIL	QUIROGA	311	1.027	1.338	23,24%	21,73%
QUIROGA	QUIROGA	831	3.345	4.176	19,90%	
PARADELA	SARRIA	372	1.937	2.309	16,11%	
TRIACASTELA	SARRIA	274	686	960	28,54%	
INCIO (O)	SARRIA	778	1.871	2.649	29,37%	
LÁNCARA	SARRIA	384	2.655	3.039	12,64%	19,75%
PÁRAMO (O)	SARRIA	250	1.487	1.737	14,39%	
SAMOS	SARRIA	540	1.557	2.097	25,75%	
SARRIA	SARRIA	1.465	11.303	12.768	11,47%	
ABADÍN	TERRA CHÁ	574	2.650	3.224	17,80%	
BEGONTE	TERRA CHÁ	413	3.065	3.478	11,87%	
XERMADE	TERRA CHÁ	162	2.025	2.187	7,41%	
MURAS	TERRA CHÁ	132	755	887	14,88%	
PASTORIZA (A)	TERRA CHÁ	355	3.160	3.515	10,10%	10,22%
CASTRO DE REI	TERRA CHÁ	416	4.858	5.274	7,89%	
VILALBA	TERRA CHÁ	847	13.130	13.977	6,06%	
COSPEITO	TERRA CHÁ	317	4.677	4.994	6,35%	
GUITIRIZ	TERRA CHÁ	556	5.216	5.772	9,63%	
SAVIÑAO (O)	TERRA DE LEMOS	989	4.053	5.042	19,62%	
BÓVEDA	TERRA DE LEMOS	418	1.499	1.917	21,80%	
PANTÓN	TERRA DE LEMOS	1.434	2.742	4.176	34,34%	
POBRA DO BROLLÓN (A)	TERRA DE LEMOS	745	1.916	2.661	28,00%	22,87%
MONFORTE DE LEMOS	TERRA DE LEMOS	2.043	16.168	18.211	11,22%	
SOBER	TERRA DE LEMOS	701	2.448	3.149	22,26%	
ANTAS DE ULLA	ULLOA (A)	660	2.127	2.787	23,68%	
PALAS DE REI	ULLOA (A)	775	3.399	4.174	18,57%	19,06%
MONTERROSO	ULLOA (A)	622	3.538	4.160	14,95%	



**PESO DEMOGRÁFICO DOS  
GALEGOS RESIDENTES AUSENTES  
SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN  
GALEGA**

**PROVINCIA DE LUGO**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística – INE. CERA, setembro 2009



PESO DA POBOACIÓN GALEGA RESIDENTE AUSENTE SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN DOS MUNICIPIOS DE GALICIA.						
PROVINCIA OURENSE						
Fonte: INE. CERA, setembro 2009						
MUNICIPIO	COMARCA	CERA	CER	TOTAL ELECTORES	% CERA SOBRE TOTAL ELECTORES	%CERA SOBRE TOTAL ELECTORES COMARCA
CALVOS DE RANDÍN	A LIMIA	380	980	1.360	27,94%	19,87%
XINZO DE LIMIA	A LIMIA	1.210	8.106	9.316	12,99%	
PORQUEIRA	A LIMIA	345	1.002	1.347	25,61%	
BALTAR	A LIMIA	259	1.013	1.272	20,36%	
SANDIÁS	A LIMIA	128	1.318	1.446	8,85%	
VILAR DE BARRIO	A LIMIA	299	1.534	1.833	16,31%	
BLANCOS (OS)	A LIMIA	166	913	1.079	15,38%	
RAIRIZ DE VEIGA	A LIMIA	871	1.577	2.448	35,58%	
SARREAU	A LIMIA	334	1.450	1.784	18,72%	
TRASMIRAS	A LIMIA	304	1.480	1.784	17,04%	
VILAR DE SANTOS	A LIMIA	214	865	1.079	19,83%	
BAÑOS DE MOLGAS	ALLARIZ-MACEDA	551	1.694	2.245	24,54%	20,50%
MACEDA	ALLARIZ-MACEDA	745	2.684	3.429	21,73%	
PADERNE DE ALLARIZ	ALLARIZ-MACEDA	457	1.436	1.893	24,14%	
ALLARIZ	ALLARIZ-MACEDA	1.088	4.826	5.914	18,40%	
XUNQUEIRA DE AMBÍA	ALLARIZ-MACEDA	317	1.601	1.918	16,53%	
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	ALLARIZ-MACEDA	186	867	1.053	17,66%	
BANDE	BAIXA LIMIA	1.945	1.898	3.843	50,61%	32,46%
LOBIOS	BAIXA LIMIA	510	1.829	2.339	21,80%	
LOBEIRA	BAIXA LIMIA	413	919	1.332	31,01%	
ENTRIMO	BAIXA LIMIA	674	1.150	1.824	36,95%	
MUIÑOS	BAIXA LIMIA	455	1.616	2.071	21,97%	
SAN AMARO	O CARBALLIÑO	462	1.207	1.669	27,68%	31,83%
MASIDE	O CARBALLIÑO	1.211	2.675	3.886	31,16%	
PIÑOR	O CARBALLIÑO	560	1.232	1.792	31,25%	
PUNXÍN	O CARBALLIÑO	264	763	1.027	25,71%	
BEARIZ	O CARBALLIÑO	915	1.063	1.978	46,26%	
BOBORÁS	O CARBALLIÑO	2.042	2.498	4.540	44,98%	
CARBALLIÑO (O)	O CARBALLIÑO	3.253	11.335	14.588	22,30%	
IRIXO (O)	O CARBALLIÑO	934	1.674	2.608	35,81%	
SAN CRISTOVO DE CEA	O CARBALLIÑO	658	2.428	3.086	21,32%	
CASTRELO DE MIÑO	O RIBEIRO	795	1.664	2.459	32,33%	34,02%
MELÓN	O RIBEIRO	622	1.356	1.978	31,45%	
CORTEGADA	O RIBEIRO	795	1.181	1.976	40,23%	
RIBADAVIA	O RIBEIRO	1.030	4.616	5.646	18,24%	
ARNOIA (A)	O RIBEIRO	913	965	1.878	48,62%	




AVIÓN	O RIBEIRO	2.249	2.121	4.370	51,46%		
BEADE	O RIBEIRO	158	457	615	25,69%		
CARBALLEDA DE AVIA	O RIBEIRO	668	1.374	2.042	32,71%		
CENLLE	O RIBEIRO	556	1.274	1.830	30,38%		
LEIRO	O RIBEIRO	663	1.607	2.270	29,21%		
AMOEIRO	OURENSE	713	2.067	2.780	25,65%	18,82%	
BARBADÁS	OURENSE	471	7.104	7.575	6,22%		
COLES	OURENSE	478	2.814	3.292	14,52%		
OURENSE	OURENSE	13.493	87.136	100.629	13,41%		
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	OURENSE	409	3.642	4.051	10,10%		
TABOADELA	OURENSE	245	1.501	1.746	14,03%		
TOÉN	OURENSE	483	2.288	2.771	17,43%		
ESGOS	OURENSE	515	1.111	1.626	31,67%		
NOGUEIRA DE RAMUÍN	OURENSE	1.085	2.188	3.273	33,15%		
PEREIRO DE AGUIAR (O)	OURENSE	902	5.159	6.061	14,88%		
PEROXA (A)	OURENSE	758	2.080	2.838	26,71%		
VILAMARÍN	OURENSE	443	1.996	2.439	18,16%		
PARADA DE SIL	TERRA DE CALDELAS	262	638	900	29,11%		31,35%
CASTRO CALDELAS	TERRA DE CALDELAS	805	1.416	2.221	36,24%		
MONTEDERRAMO	TERRA DE CALDELAS	443	898	1.341	33,04%		
TEIXEIRA (A)	TERRA DE CALDELAS	158	427	585	27,01%		
CARTELLE	TERRA DE CELANOVA	1.177	3.031	4.208	27,97%	37,36%	
CELANOVA	TERRA DE CELANOVA	3.112	5.056	8.168	38,10%		
PADRENDA	TERRA DE CELANOVA	879	1.886	2.765	31,79%		
PONTEDEVA	TERRA DE CELANOVA	223	558	781	28,55%		
RAMIRÁS	TERRA DE CELANOVA	1.141	1.682	2.823	40,42%		
VEREA	TERRA DE CELANOVA	942	1.138	2.080	45,29%		
GOMESENDE	TERRA DE CELANOVA	866	887	1.753	49,40%		
BOLA (A)	TERRA DE CELANOVA	765	1.341	2.106	36,32%		
MERCA (A)	TERRA DE CELANOVA	823	2.035	2.858	28,80%		
QUINTELA DE LEIRADO	TERRA DE CELANOVA	578	652	1.230	46,99%		
MANZANEDA	TERRA DE TRIVES	197	939	1.136	17,34%	26,08%	
SAN XOÁN DE RÍO	TERRA DE TRIVES	257	708	965	26,63%		
POBRA DE TRIVES (A)	TERRA DE TRIVES	697	2.213	2.910	23,95%		
CHANDREXA DE QUEIXA	TERRA DE TRIVES	343	599	942	36,41%		
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	VALDEORRAS	261	1.828	2.089	12,49%	20,69%	
VEIGA (A)	VALDEORRAS	539	1.006	1.545	34,89%		
BARCO DE VALDEORRAS (O)	VALDEORRAS	1.131	10.629	11.760	9,62%		
BOLO (O)	VALDEORRAS	676	1.032	1.708	39,58%		
CARBALLEDA DE VALDEORRAS	VALDEORRAS	443	1.372	1.815	24,41%		
LAROUCO	VALDEORRAS	144	531	675	21,33%		





PETÍN	VALDEORRAS	230	905	1.135	20,26%		
RÚA (A)	VALDEORRAS	400	3.999	4.399	9,09%		
RUBIÁ	VALDEORRAS	242	1.417	1.659	14,59%		
LAZA	VERÍN	488	1.431	1.919	25,43%	21,77%	
VERÍN	VERÍN	1.458	10.660	12.118	12,03%		
VILARDEVÓS	VERÍN	720	2.102	2.822	25,51%		
CASTRELO DO VAL	VERÍN	348	1.095	1.443	24,12%		
CUALEDRO	VERÍN	529	1.858	2.387	22,16%		
MONTERREI	VERÍN	457	2.717	3.174	14,40%		
OÍMBRA	VERÍN	364	1.502	1.866	19,51%		
RIÓS	VERÍN	752	1.672	2.424	31,02%		
GUDIÑA (A)	VIANA	221	1.279	1.500	14,73%		24,12%
MEZQUITA (A)	VIANA	542	1.011	1.553	34,90%		
VILARIÑO DE CONSO	VIANA	195	614	809	24,10%		
VIANA DO BOLO	VIANA	873	2.965	3.838	22,75%		

**PESO  
DEMOGRÁFICO DOS  
GALEGOS  
RESIDENTES  
AUSENTES SOBRE O  
TOTAL DA  
POBLACIÓN GALEGA**



**PROVINCIA DE OURENSE**

Fonte: Instituto Nacional de Estatística – INE. CERA, setembro 2009



PESO DA POBOACIÓN GALEGA RESIDENTE AUSENTE SOBRE O TOTAL DA POBOACIÓN DOS MUNICIPIOS DE GALICIA.						
PROVINCIA PONTEVEDRA						
Fonte: INE. CERA, setembro 2009						
MUNICIPIO	COMARCA	CERA	CER	TOTAL ELECTORES	% CERA SOBRE TOTAL ELECTORES	%CERA SOBRE TOTAL ELECTORES COMARCA
GUARDA (A)	BAIXO MIÑO (O)	1.258	8.413	9.671	13,01%	11,99%
OIA	BAIXO MIÑO (O)	244	2.661	2.905	8,40%	
ROSAL (O)	BAIXO MIÑO (O)	625	5.326	5.951	10,50%	
TOMIÑO	BAIXO MIÑO (O)	1.691	10.600	12.291	13,76%	
TUI	BAIXO MIÑO (O)	2.250	13.487	15.737	14,30%	
CALDAS DE REIS	CALDAS	1.351	8.079	9.430	14,33%	15,74%
CATOIRA	CALDAS	358	2.931	3.289	10,88%	
CUNTIS	CALDAS	982	4.448	5.430	18,08%	
MORAÑA	CALDAS	1.002	3.684	4.686	21,38%	
PORTAS	CALDAS	572	2.626	3.198	17,89%	
PONTECESURES	CALDAS	232	2.522	2.754	8,42%	
VALGA	CALDAS	1.212	5.084	6.296	19,25%	
MONDARIZ	CONDADO (O)	904	4.502	5.406	16,72%	15,91%
MONDARIZ-BALNEARIO	CONDADO (O)	47	595	642	7,32%	
NEVES (AS)	CONDADO (O)	1.166	3.720	4.886	23,86%	
PONTEAREAS	CONDADO (O)	2.726	17.610	20.336	13,40%	
SALVATERRA DE MIÑO	CONDADO (O)	1.637	7.317	8.954	18,28%	
DOZÓN	DEZA	469	1.421	1.890	24,81%	23,38%
AGOLADA	DEZA	596	2.646	3.242	18,38%	
LALÍN	DEZA	3.986	17.200	21.186	18,81%	
RODEIRO	DEZA	1.498	2.788	4.286	34,95%	
SILLEDA	DEZA	2.547	7.533	10.080	25,27%	
VILA DE CRUCES	DEZA	1.230	5.578	6.808	18,07%	
BUEU	MORRAZO (O)	1.058	10.151	11.209	9,44%	6,34%
CANGAS	MORRAZO (O)	887	21.316	22.203	3,99%	
MARÍN	MORRAZO (O)	1.379	20.546	21.925	6,29%	
MOAÑA	MORRAZO (O)	951	15.862	16.813	5,66%	
ARBO	PARADANTA (A)	1.014	3.239	4.253	23,84%	28,77%
CAÑIZA (A)	PARADANTA (A)	1.647	5.186	6.833	24,10%	
COVELO	PARADANTA (A)	868	2.826	3.694	23,50%	
CRECENTE	PARADANTA (A)	1.689	2.180	3.869	43,65%	
BARRO	PONTEVEDRA	681	3.091	3.772	18,05%	20,89%
CAMPO LAMEIRO	PONTEVEDRA	871	1.799	2.670	32,62%	
COTOBADÉ	PONTEVEDRA	1.152	3.852	5.004	23,02%	
LAMA (A)	PONTEVEDRA	1.440	2.454	3.894	36,98%	
PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	9.445	64.682	74.127	12,74%	




POIO	PONTEVEDRA	1.520	12.778	14.298	10,63%	
PONTE CALDELAS	PONTEVEDRA	1.607	5.220	6.827	23,54%	
VILABOIA	PONTEVEDRA	524	4.949	5.473	9,57%	
CAMBADOS	SALNÉS	1.668	11.204	12.872	12,96%	
GROVE (O)	SALNÉS	1.161	9.095	10.256	11,32%	
MEAÑO	SALNÉS	925	4.427	5.352	17,28%	
MEIS	SALNÉS	1.046	4.242	5.288	19,78%	
RIBADUMIA	SALNÉS	680	3.922	4.602	14,78%	
SANXENXO	SALNÉS	2.228	14.061	16.289	13,68%	12,40%
VILAGARCÍA DE AROUSA	SALNÉS	2.461	29.909	32.370	7,60%	
VILANOVA DE AROUSA	SALNÉS	1.187	8.720	9.907	11,98%	
ILLA DE AROUSA (A)	SALNÉS	94	4.036	4.130	2,28%	
CERDEDO	TABEIRÓS-TERRA DE MONTES	1.119	1.943	3.062	36,54%	
ESTRADA (A)	TABEIRÓS-TERRA DE MONTES	4.443	18.618	23.061	19,27%	29,90%
FORCAREI	TABEIRÓS-TERRA DE MONTES	1.849	3.605	5.454	33,90%	
BAIONA	VIGO	1.028	9.756	10.784	9,53%	
FORNELOS DE MONTES	VIGO	558	1.643	2.201	25,35%	
GONDOMAR	VIGO	2.687	11.410	14.097	19,06%	
MOS	VIGO	764	12.140	12.904	5,92%	
NIGRÁN	VIGO	1.314	14.314	15.628	8,41%	
PAZOS DE BORBÉN	VIGO	501	2.670	3.171	15,80%	11,05%
PORRIÑO (O)	VIGO	1.734	14.042	15.776	10,99%	
REDONDELA	VIGO	1.600	24.637	26.237	6,10%	
SALCEDA DE CASELAS	VIGO	951	6.313	7.264	13,09%	
SOUTOMAIOR	VIGO	196	5.490	5.686	3,45%	
VIGO	VIGO	14.911	235.827	250.738	5,95%	



**PESO DEMOGRÁFICO DOS  
GALEGOS RESIDENTES  
AUSENTES SOBRE O  
TOTAL DA POBOACIÓN  
GALEGA**

**PROVINCIA DE  
PONTEVEDRA**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística – INE. CERA, setembro 2009








## 6. UN COMPROMISO COA GALEGUIDADE

### 6.1 A GALEGUIDADE: REALIDADES E PERSPECTICAS

A galeguidade atópase nunha encrucillada nos albores do século XXI. A súa vocación en defensa da cultura de Galicia, na protección dos dereitos sociais e o benestar dos galegos residentes ausentes e na proxección internacional dos valores tanxibles e intanxibles do pobo galego segue sendo unha constante de actuación das nosas entidades.

A problemática da galeguidade non se centra nos obxectivos e necesidades de traballo senón na adaptación das estruturas das entidades galegas para abordar os retos que impón un mundo que está sufrindo unha importante transformación das súas estruturas sociais, económicas e políticas.

Varios son os problemas que se están detectando desde as propias Comunidades Galegas; algúns deles véñense arrastrando desde hai certo tempo e sinálanse en distintos foros e documentos, outras problemáticas acompañan a estes novos tempos.

-  O progresivo envellecemento das entidades galegas.
  
-  A falta de recursos para abordar unha vida societaria normalizada.
  
-  Tendencias endogámicas na dirección dalgunhas entidades galegas.
  
-  Descoordinación nas actuacións.
  
-  Falta de obxectivos de traballo.



- ✿ Falta de adecuación das entidades a formas modernas, eficaces e eficientes de xestión.
- ✿ Falta de uso dos recursos tecnolóxicos da sociedade da información a favor dos galegos residentes no exterior.
- ✿ Competencia entre entidades.
- ✿ Ausencia de plans para xerar entidades galegas sostibles.
- ✿ Dependencia excesiva do apoio institucional.

É a hora de, nun esforzo común, coordinado e continuado, buscar solucións a estes problemas endémicos uns e novos outros das nosas Comunidades Galegas. O Goberno de Galicia é coñecedor de que só coa implicación e o acordo das entidades poderemos encarar os retos que nos están agardando pero tamén detectamos que este proceso non ten marcha atrás. Os tempos actuais esixen esforzos importantes na renovación, modernización e orientación das entidades galegas. A competencia na sociedade civil entre diferentes asociacións, ong's e organismos é moi importante e as comunidades galegas corren o risco de deixar cada vez máis terreo de traballo a organizacións civís non vinculadas co espírito da galeguidade pero que, pola eficacia das súas actuacións, a súa capacidade xeradora de solucións sociais e pola modernidade das súas estruturas e procesos de traballo, poden copar espazos de traballo tradicionalmente vinculados á galeguidade.

É por iso que, dentro deste Plan Estratégico de Emigración 2011-2013, o Goberno de Galicia se compromete coas Comunidades Galegas nunha procura común de solucións que dean novas oportunidades ás entidades galegas no exterior para, sumando esforzos, sendo xenerosos, con vocación de mellora constante e apoiándonos no gran reto que nos une como pobo, transformar esta galeguidade que afunde as súas raíces na nosa historia recente ata levantar cara ao alto nosos brotes máis recentes na procura constante do noso futuro como pobo aberto, peregrino, emigrante universal con múltiples fogares que senten Galicia.



## 6.2 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

6.2.1 **Lei de Recoñecemento da Galeguidade.** Neste período abrírase o debate sobre a adecuación da Lei de Recoñecemento da Galeguidade a esta nova etapa da nosa historia común. O Goberno de Galicia promoverá o estudo e análise, por parte do conxunto da sociedade galega; as súas institucións e a sociedade civil, para elevar ao Parlamento de Galicia as reformas necesarias que fagan desta Lei un instrumento eficaz para atender as necesidades dos nosos galegos residentes no exterior e as institucións que os representan.

6.2.2 **Potenciar o Consello de Comunidades Galegas e a Comisión Delegada.** Estes dous organismos que representan a voz das entidades galegas no exterior reclaman un papel máis activo e operativo á hora de definir estratexias e accións a favor da nosa emigración e os seus descendentes. O Goberno de Galicia comprométese a, de acordo coas institucións galegas integradas no Consello de Comunidades Galegas, reformar e potenciar estes dous organismos, mellorando a súa capacidade de comunicación interna e coa sociedade galega, fomentando a súa capacidade de iniciativa e de asesoramento e deliberación sobre os principais problemas que afectan aos galegos residentes no exterior.

6.2.3 **Fomentar e apoiar desde a Xunta de Galicia, os procesos tendentes á unión e integración das comunidades galegas,** sempre que estes procesos estean determinados en común acordo das entidades, mantendo os obxectivos fundacionais das mesmas sen menoscabo de que a unión de entidades teña como resultado a posibilidade de incrementar estes obxectivos.

6.2.4 **Potenciar e velar pola defensa do patrimonio das comunidades galegas no exterior.** Dentro do límite das súas atribucións, a Xunta de Galicia está



obrigada a defender o patrimonio, arquitectónico, artístico, cultural e documental da galeguidade.

- 6.2.5 **Fomentar a participación da xuventude galega no exterior na vida societaria da Galeguidade.** O Goberno de Galicia quere establecer unha estratexia que incentive a apertura das entidades galegas á xuventude galega no exterior de forma responsable, aberta e participativa. Estimularase a formación complementaria a mozos directivos das entidades galegas en áreas de coñecemento relacionadas coa xestión, dinamización e liderado das entidades galegas.
- 6.2.6 **Mellorar a eficacia das actuacións das comunidades galegas.** Os retos dun mundo globalizado e altamente internacionalizado esixen mellorar a capacidade de resposta ante estes novos retos por parte das nosas entidades no exterior. A Xunta de Galicia porá a disposición das nosas entidades os recursos formativos e de xestión -esencialmente nas tecnoloxías de información e comunicación (TIC's)- necesarios para garantir unha mellora cuantitativa e cualitativa nos proxectos, actuacións e actividades que desenvolvan.
- 6.2.7 **Entidades sostibles.** O compromiso do Goberno de Galicia para garantir as relacións sociais e culturais de Galicia coas súas comunidades galegas no exterior debe ir máis aló da xestión de ordes públicas de axuda e subvención ás nosas entidades. Fomentar e apoiar os proxectos tendentes a garantir que as entidades galegas, nas súas estruturas e principais actividades, sexan sostibles xerará novas capacidades ás nosas comunidades para desenvolver proxectos máis ambiciosos en beneficio dos galegos residentes no exterior.
- 6.2.8 **Eficiencia.** É obriga do Goberno de Galicia utilizar de forma eficiente os recursos que o noso pobo pon a disposición das entidades galegas no exterior e é responsabilidade destas o uso eficiente e responsable das axudas públicas.





Un contexto de crise económica como o actual esixe que este compromiso se transforme nunha cultura de xestión das nosas entidades. Teñan a finalidade fundacional que teñan, débese esixir e garantir unha utilización eficiente dos recursos postos á súa disposición.

6.2.9 **Universalidade.** A Xunta de Galicia potenciará a relación entre as comunidades galegas co obxecto de fortalecer o espírito universal da galeguidade. Desenvolver proxectos e actuacións que impliquen a galegos de diferentes países e realidades sociais, culturais e económicas será unha prioridade deste Plan estratéxico. Apoiaranse aquelas iniciativas sociais e culturais de carácter transnacional e con alcance en diferentes países e rexións con presenza de galegos residentes.

6.2.10 **Modernización.** Un dos eixos transversais deste Plan Estratéxico é a modernización tecnolóxica e de xestión das entidades galegas. O uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC's) é esencial para conseguir transformacións esenciais nas estruturas das nosas entidades. A mellora tecnolóxica das comunidades galegas abrirá as fiestras dunha galeguidade necesitada de dar resposta aos retos xurdidos neste comezo de século e de incorporar sangue novo que impulse e sume actividade, proxectos e ilusións ás nosas entidades.



## 7. UN COMPROMISO SOCIAL COA GALEGUIDADE.

### 7.1 AS POLÍTICAS SOCIO-ASISTENCIAIS: UNHA CONSTANTE NA GALEGUIDADE

Historicamente, as comunidades galegas no exterior desenvolveron un labor esencial na protección dos dereitos sociais da nosa emigración: a integración nas sociedades de acollida, a defensa dos dereitos cidadáns dos nosos emigrantes, a promoción social e a cobertura sanitaria básica, foron eixos de actuación que dimensionaron e engrandeceron ás nosas entidades galegas.

Desde o comezo da nosa singradura como Comunidade Autónoma, o Goberno de Galicia apostou por este camiño marcado pola galeguidade: a defensa dos dereitos sociais, asistenciais e sanitarios dos nosos residentes no exterior. A este labor dedicamos e seguimos dedicando a maior parte dos nosos esforzos.

En Sudamérica, continente que viviu unha historia económica e social convulsa na fin do século XX e no comezo deste século XXI, os esforzos da administración autonómica para a protección e salvagarda dos dereitos da nosa poboación, con especial atención aos nosos maiores, están na memoria de todos. O compromiso permanente cos hospitais dependentes das nosas entidades, o apoio á creación e sostemento dunha rede de centros de día e residencias para a terceira idade, as axudas asistenciais individuais para os galegos no exterior en situación de precariedade ou en risco de exclusión social, os programas e proxectos específicos para mellorar a atención social aos nosos paisanos, as intervencións a favor dos galegos e das comunidades onde se asentaron en casos de catástrofe natural, son mostra da nosa implicación na mellora das condicións de vida de todos os galegos.



## 7.2 UNHA POLÍTICA SOCIO-ASISTENCIAL ADECUADA ÁS NECESIDADES DA GALLEGUIDADE.

A primeira medida activa que este Goberno de Galicia emprendeu nas súas responsabilidades coa emigración foi recoñecer o dereito á prestación sanitaria pública para os galegos residentes no exterior durante as súas visitas estacionais en Galicia. Esta medida dá mostra do interese esencial que as políticas sociais e asistenciais teñen para este goberno.

Desde o Goberno de Galicia entendemos que é unha necesidade inaprazable o encarar de forma responsable e coordinada fortalecer uns servizos socioasistenciais aos galegos no exterior eficaces, eficientes e de calidade. O esforzo realizado pola Xunta de Galicia para dar soporte, financiamento e colaboración institucional ás diferentes institucións sanitarias e asistenciais que as nosas entidades crearon no exterior, é unha realidade palpable.

Este esforzo institucional xerou un coñecemento sobre a actividade, esforzos, problemas e proxectos de moitas destas institucións. Todos somos coñecedores da difícil situación que atravesaron ou aínda están atravesando algunhas destas institucións. Múltiples factores endóxenos e exóxenos ás mesmas contribuíron a consolidar procesos de déficit sostido na súa xestión económica o que, indubidablemente limita as súas capacidades de innovación, investigación, mellora da calidade asistencial e aumento de prestacións.

O debate sobre o futuro do modelo asistencial das entidades galegas está aberto e, desde o Goberno de Galicia, fomentaremos e apoiaremos aquelas políticas tendentes ao desenvolvemento de modelos de atención eficaces, eficientes e con vocación de sustentabilidade. Temos un compromiso e un deber cos nosos cidadáns



galegos no exterior e os nosos esforzos deben reverter en procesos de mellora das entidades que se reflectan nos estándares de atención aos seus beneficiarios.

Galicia e o seu Goberno están comprometidos cos nosos paisanos no exterior e as políticas sociais e asistenciais son a prioridade nestes momentos de incerteza económica. Debemos xerar estratexias comúns que garantan o mantemento e a sustentabilidade das nosas entidades prestadoras de servizos socio-asistenciais e, para iso, debemos ser conscientes de que unicamente políticas de racionalización do gasto, eficiencia no uso dos recursos e mellora na calidade asistencial poden dar garantías dunha xestión encamiñada ao futuro.

### **7.3 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.**

- 7.3.1 Dar continuidade aos esforzos despregados pola Xunta de Galicia nos últimos anos en políticas socio-asistenciais, co compromiso de non diminuír o gasto total da Secretaría Xeral da Emigración neste concepto durante a vixencia deste plan.
- 7.3.2 Colaborarase de forma transversal con diferentes departamentos do Goberno de Galicia, baixo a responsabilidade da Consellería de Sanidade, para a extensión do dereito á prestación sanitaria, aos galegos residentes no exterior, nas súas estancias temporais en Galicia a través do Servizo Galego de Saúde.
- 7.3.3 Potenciar os estudos para definir a situación dos galegos en situación de precariedade ou en risco de exclusión social e as medidas de intervención máis efectivas.



- 7.3.4 Apoiar aos sistemas sanitarios e socio-asistenciais dependentes das entidades galegas e españolas no exterior, fomentando políticas de eficiencia, eficacia e calidade na atención. O Goberno de Galicia apoiará as políticas destas entidades tendentes á sustentabilidade dos servizos sanitarios e socio-asistenciais que se prestan aos residentes galegos no exterior.
- 7.3.5 Desenvolver políticas que impliquen á sociedade civil galega no desenvolvemento de estratexias e accións a favor dos galegos residentes no exterior en situación de precariedade ou en risco de exclusión social.



## 8. UN COMPROMISO COA XUVENTUDE

### 8.1 GALEGUIDADE E XUVENTUDE: O ESFORZO DA INTEGRACIÓN

Unha das constantes perennes no ideario colectivo da emigración galega foi a mellora das condicións educativas, vitais e sociais dos seus fillos. Tanto se a unidade familiar se desprazaba de forma conxunta ao destino de emigración, coma se se desprazaba unicamente un ou os dous proxenitores, a mellora das condicións de vida dos fillos e, de forma esencial, a mellora no acceso dos nenos á educación foron alicerces que sostiveron os esforzos dos nosos emigrantes.

As primeiras entidades galegas, pioneiras da galeguidade, foron entes de promoción da seguridade, a saúde, o benestar e a promoción educativa e cultural da nosa terra; dentro e fóra das nosas fronteiras. Son moitos os exemplos deste labor espallados polas parroquias e os lugares de Galicia.

No exterior, os nosos emigrantes esforzáronse por lograr unha integración efectiva dos seus nenos e mozos nos sistemas educativos das nacións de acollida e souberon transmitir a nosa cultura do esforzo e responsabilidade aos seus descendentes. O resultado desta acción colectiva supuxo que cada xeración de galegos residentes no exterior, mellorou as súas condicións sociais, educativas e profesionais, integrándose de forma positiva e harmónica nas súas sociedades de acollida.

Esta suma de esforzos individuais que se transformou nunha cultura colectiva que nos define como pobo, tivo o seu reflexo na imaxe que o ser galego ten en moitos países e sociedades como mostra de capacidade e responsabilidade no traballo, respecto polos sinais culturais das sociedades de acollida, defensa e promoción dos



sinais identitarios e culturais que nos son propios e convivencia harmónica e positiva.

## **8.2 A XUVENTUDE GALEGA NO EXTERIOR: OS EFECTOS DA GLOBALIZACIÓN CULTURAL E A PERDA DE SINAIS DE IDENTIDAD**

Tradicionalmente, as entidades da galeguidade ocupáronse, durante moitos anos de forma autónoma e autosuficiente da integración da mocidade na galeguidade. O folclore, a lingua, a cultura de Galicia, o encontro social e o deporte foron a base esencial das actividades que as entidades galegas ofreceron á xuventude para incentivar a súa participación e integración.

Desde que Galicia desenvolveu o seu autogoberno e recoñeceu o dereito das comunidades galegas no exterior a compartir a vida socio-cultural da nosa Comunidade, potenciáronse desde as institucións públicas políticas de apoio ás actividades desenvolvidas polas entidades galegas no exterior. Os resultados son que desde os diferentes ámbitos das administracións públicas de Galicia e das diferentes institucións educativas, culturais e sociais de Galicia se ten sustentado, colaborado ou subvencionado moitas destas actividades.

A pesar desta política activa da nosa Comunidade, unha realidade foise impondo na maioría das nosas entidades da galeguidade; a progresiva separación dos mozos descendentes de galegos da vida asociativa das entidades galegas. Este feito, contrastado pola maioría das nosas entidades, pode pór en perigo a supervivencia das entidades galegas e a súa adaptación aos novos tempos dunha sociedade mediatizada pola comunicación global, a internacionalización das relacións e a interdependencia das sociedades.



Cabería reflexionar sobre os motivos desta gradual separación entre os intereses da xuventude descendente de galegos e as comunidades galegas no exterior. Entre outras causas poderíamos apuntar:

- Falta de interese dun nutrido grupo de mozos descendentes de galegos nas actividades, enfocadas á xuventude, programadas polas entidades galegas.
- Falta de representación dos mozos nos órganos directivos e xestores das entidades.
- Rexeitamento da mocidade galega no exterior á idealización dunha Galicia costumista e enraizada no pasado por parte das entidades galegas.
- Desmotivación e rexeitamento da xuventude -de forma xeral- ás canles de participación establecidas.
- Falta de canles de comunicación interxeracional; abertas e integradoras e que poidan formular políticas activas para a necesaria adecuación das entidades galegas á súa contemporaneidade.
- Falta de concreción grupal do sentimento de galeguidade das segundas e terceiras xeracións de galegos residentes no exterior.





Como se pode apreciar o debate establecido non difire esencialmente do debate xeral no mundo desenvolvido occidental sobre a participación da mocidade nas sociedades democráticas deste inicio do século XXI. O paradoxo de ter unha xuventude desmobilizada nunhas sociedades que abriron as súas estruturas participativas como nunca se viu na historia, é unha realidade que incumbe á sociedade civil, ás organizacións políticas e sindicais, ás estruturas administrativas e aos círculos familiares, veciñais e sociais.

### **8.3 INTEGRAR Á XUVENTUDE NAS COMUNIDADES GALEGAS: UNHA RESPONSABILIDADE COMPARTIDA.**

Integrar á mocidade na vida asociativa da galegitude definirá a supervivencia das entidades galegas no exterior. Esta formulación estase impondo pola lóxica dos acontecementos. Unha parte importante das nosas sociedades están en claro declive; perda de socios, limitacións na capacidade de xerar actividades nas entidades, falta de ilusión dos socios, dificultades para manter unha relación normalizada e retroalimentada coas administracións públicas, con outras comunidades galegas ou con outras organizacións da sociedade civil.

O cambio xeracional e o progresivo traspaso de responsabilidades ás novas xeracións de galegos no exterior, é unha responsabilidade que deben saber xestionar os galegos no exterior. Os oriúndos e primeiras xeracións de galegos que foron actores dos migratorios galegos e os seus descendentes que son o xerme do novo espírito da galegitude.



#### 8.4 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 8.4.1 Fomentar espazos de encontro e debate entre a xuventude galega no exterior, a través do apoio á organización de Congresos da Xuventude Galega no Exterior, a realizar nas diferentes áreas e países que conforman a galegitude. En devanditos congresos debaterase o papel da mocidade na renovación das entidades galegas e promoverase o debate interxeracional con obxecto de definir os procesos de integración da mocidade galega no exterior nas nosas comunidades galegas.
- 8.4.2 Potenciar procesos de formación de alto valor para mozos galegos no exterior. Devanditos espazos formativos serán de carácter presencial e online e caracterizaranse pola súa adecuación ás necesidades formativas que sinalen os propios mozos, pola súa preparación en materias que engadan valor á súa integración nas entidades galegas: xestión de entidades civís, planificación e control de proxectos, habilidades directivas, xestión do cambio, voluntariado e cooperación, comunicación, etc...
- 8.4.3 Poténciase o portal [galiciaaberta.com](http://galiciaaberta.com), como ferramenta eficaz de comunicación e coñecemento para a xuventude galega no exterior. O desenvolvemento de redes sociais e de coñecemento, a formación online, a xeración de espazos propios de expresión, a posta en valor de iniciativas de mozos neste portal e o proceso de diálogo interxeracional serán eixos fundamentais da oferta do portal [galiciaaberta.com](http://galiciaaberta.com) ás comunidades galegas.
- 8.4.4 Apoiar o intercambio de experiencias entre asociacións de mozos de Galicia e mozos das entidades galegas no exterior. O coñecemento mutuo e a aposta por aqueles proxectos en común que se poidan xerar desta relación, integrará á xuventude galega no exterior na realidade social, cultural e económica de Galicia, fortalecendo os lazos de pertenza e xerando valor de futuro á nosa Comunidade.



- 8.4.5 Seguirase apostando polos programas tradicionais dirixidos á xuventude que serán complementados por outras accións en campos ata agora non suficientemente desenvolvidos: empresa nova, emprendedores e autoemprego, cooperación e voluntariado, xestión asociativa, novas tecnoloxías, capacitación para a dirección, etc..



## 9. UN COMPROMISO COA MULLER

### 9.1 MULLER E GALEGUIDADE: RECOÑECER A ACHEGA DAS MULLERES E ABRIR A GALEGUIDADE Á PARTICIPACIÓN ACTIVA DA MULLER

Durante os ciclos migratorios galegos, fundamentalmente desde mediados do século XIX ata os anos 70 do século XX, o papel xogado pola muller como soporte da unidade familiar e produtiva en Galicia ou como traballadora na diáspora, foi esencial para mellorar a calidade de vida da nosa poboación no exterior e dentro das nosas fronteiras.

A emigración galega non é unha epopea de homes, é unha epopea do conxunto dun pobo no que o papel xogado polas mulleres foi esencial. O sostemento social e familiar das familias emigradas, gran parte da transmisión das nosas esencias culturais e modo de vida e a agrupación dos emigrantes galegos en entidades que buscaban manter os vínculos con Galicia son froito do esforzo das mulleres.

Esta achega da muller galega nunca foi suficientemente recoñecida nin tivo a súa plasmación na participación das mulleres -salvo contadas ocasións- na vida directiva das institucións galegas no exterior. A representación dos intereses dos emigrantes galegos converteuse nunha cousa de homes e as nosas mulleres, na súa maioría, desenvolveron o papel máis ingrato pero o máis efectivo en salvagarda da esencia da galeguidade; transmitíronlla a fillos e netos. Eses fillos e netos que nos demandan o seu lugar no seo da galeguidade porque como eles mesmos nolo manifestan mamárono das súas nais e avoas.



Pasados xa trinta anos deste camiño que percorremos xuntos como un pobo que toma as súas propias decisións, con institucións propias e dono do seu destino, é hora de abrir de forma clara e decidida a galeguidade ás mulleres residentes no exterior.

Este Plan Integral ten, entre os seus obxectivos esenciais, xerar unha galeguidade integradora, participativa, consensuada e aberta. Integrar a aqueles galegos e galegas que non foron partícipes activos na vida societaria da Galicia exterior é un deber esencial da nosa sociedade e unha obriga do Goberno de Galicia. A igualdade xurídica e a igualdade de dereitos ten que ter a súa plasmación social fomentando e potenciando a participación das mulleres e os mozos nas entidades galegas.

Os principais axentes deste cambio deben ser as propias entidades galegas, soberanas nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas. A historia chama ás súas portas para que con xenerosidade e intelixencia completen o universo da galeguidade, ese universo que fala coa voz das mulleres, ese universo que sempre estivo aquí e que agora quere que a súa voz se oía de forma propia e responsable.

## 9.2 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

9.2.1 Promover a integración e participación das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior, incentivaranse as actividades e accións que favorezan a participación das mulleres e aquelas organizadas e/ou promovidas por mulleres.

9.2.2 Apoiar os estudos sobre o papel da muller nos ciclos migratorios galegos. A memoria da galeguidade non estará completa sen a recuperación histórica da memoria das mulleres emigrantes.



- 9.2.3 Promover Foros nos que as mulleres galegas emigrantes e os seus descendentes poidan contribuír á construción do sentimento de galeguidade desde as realidades que lles sexan propias.



## 10. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA.

### 10.1 MARCO NORMATIVO EUROPEO

- Tratado da Unión Europea.
- Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento (CEE) nº 1612/68 do Consello de 15 de outubro de 1968 relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Comunidade
- Regulamento (CEE) nº 312/76 do Consello, de 9 de febreiro de 1976, polo que se modifican as disposicións relativas aos dereitos sindicais dos traballadores que figuran no Regulamento (CEE) nº 1612/68 relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Comunidade
- Regulamento (CEE) Nº 2434/92 do Consello, de 27 de xullo de 1992, polo que se modifica a segunda parte do Regulamento (CEE) nº 1612/68 relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Comunidade
- Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros pola que se modifica o Regulamento (CEE) nº 1612/68 e se derrogan as Directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE (Texto pertinente a efectos do EEE)
- Directiva 2004/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros, pola que se modifica o Regulamento (CEE) nº 1612/68 e se derrogan as Directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE.
- Comunicación da Comisión, de 11 de decembro de 2002, titulada «A libre circulación de traballadores: a plena realización das súas vantaxes e as súas posibilidades» [COM (2002) 694 final



- Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, pola que quedan derogadas as Directivas 77/452/CEE, 77/453/CEE, 78/686/CEE, 78/687/CEE, 78/1026/CEE, 78/1027/CEE, 80/154/CEE, 80/155/CEE, 85/384/CEE, 85/432/CEE, 85/433/CEE, 89/48/CEE, 92/51/CEE, 93/16/CEE e 1999/42/CE.
- Decisión nº 189 da CASSTM, de 18 de xuño de 2003, dirixida a substituír por unha tarxeta sanitaria europea os formularios necesarios para a aplicación dos Regulamentos (CEE) nº 1408/71 e (CEE) nº 574/72 do Consello no que respecta ao acceso á asistencia sanitaria durante unha estancia temporal nun Estado membro distinto do Estado competente ou de residencia [Diario Oficial L 276 de 27.10.2003].
- Decisión nº 190 da CASSTM, de 18 de xuño de 2003, relativa ás características técnicas da tarxeta sanitaria europea [Diario Oficial L 276 de 27.10.2003].
- Decisión nº 191 da CASSTM, de 18 de xuño de 2003, relativa á substitución dos formularios E 111 e E 111 B pola tarxeta sanitaria europea [Diario Oficial L 276 de 27.10.2003].
- Implementación do programa comunitario de Lisboa: proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á mellora da portabilidade dos dereitos de pensión complementaria.
- Regulamento (CEE) nº 1612/68 do Consello de 15 de outubro de 1968 relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Comunidade.

## 10.2 MARCO NORMATIVO ESTATAL

- CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.
- LEY 40/2006, De 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior
- **7.2.1 PENSIONES**
- LEI 3/2005, de 18 de marzo, pola que se recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de

idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional. BOE de 21/03/2005.





- REAL DECRETO 8/2008, de 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados.
- ORDE TAS/1967/2005, de 24 de xuño, pola que se establecen as disposicións para o desenvolvemento e aplicación da Lei 3/2005, de 18 de marzo. BOE de 25/06/2005.
- RESOLUCIÓN de 8 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Emigración, pola que se desenvolve o procedemento de determinación da situación de incapacidade absoluta comprendida na prestación por razón de necesidade en determinados supostos.
- Resolución de 4 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Emigración, pola que se establece o prazo para a presentación da fe de vida e declaración de ingresos para os beneficiarios de pensións asistenciais por anciandade e das prestacións económicas recoñecidas aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional. BOE de 15/07/2006.
- mesmos residentes en territorio nacional. BOE 15/04/1970.
- ORDE de 10 de xuño de 1970 pola que se ditan normas para a aplicación e desenvolvemento do disposto no Decreto 1075/1970, de 9 de abril, sobre asistencia sanitaria da Seguridade Social aos traballadores españois emigrantes e aos seus familiares residentes en territorio nacional. BOE 20/06/1970.
- ORDE de 13 de xullo de 1971 sobre aplicación de beneficios da Seguridade Social aos traballadores españois emigrantes dedicados a actividades marítimo-pesqueiras por conta allea. BOE 16/07/1971.
- RESOLUCIÓN de 25 de febreiro de 2008, conxunta da Dirección Xeral de Emigración e da Dirección Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social, pola que se regula o procedemento para acceder á asistencia sanitaria para españois de orixe retornados e para pensionistas e traballadores por conta allea españois de orixe residentes no exterior que se despracen temporalmente ao territorio nacional. BOE 01/03/2008.
- RESOLUCIÓN de 6 de abril de 2009, conxunta da Dirección Xeral de Emigración e do Instituto Nacional da Seguridade Social, pola que se modifica a de 25 de febreiro de 2008, pola que se regula o procedemento para acceder á

#### **7.2.2 ASISTENCIA SANITARIA**

- DECRETO 1075/1070, de 9 de abril, sobre asistencia sanitaria aos traballadores españois emigrantes e aos familiares dos



- asistencia sanitaria para españois de orixe retornados e para pensionistas e traballadores por conta allea españois de orixe residentes no exterior que se despracen temporalmente ao territorio nacional. BOE 04/05/2009.
- RESOLUCIÓN de 9 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral da Cidadanía Española no Exterior, pola que se prorroga o dereito a asistencia sanitaria para todos aqueles beneficiarios de prestación económica por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior que acreditasen a condición de pensionistas a 31 de decembro de 2008.
  - 7.2.3 SUBVENCIONS
  - LEI 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. BOE 18/11/2003.
  - REAL DECRETO 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. BOE 26-07-2006.
  - REAL DECRETO 1493/2007, de 12 de novembro, polo que se aproban as normas reguladoras da concesión directa de axudas destinadas a atender as situacións de extraordinaria necesidade dos españois retornados. BOE de 26/11/2007.
  - ORDE TAS/874/2007, de 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, destinadas aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados. BOE de 05/04/2007.
  - ORDE TIN/2004/2008, de 26 de xuño, pola que se modifica a ORDE TAS/874/2007, de 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados. BOE 10/07/2008.
  - ORDE TIN/58/2009, de 21 de xaneiro, pola que se modifica a Orde TAS/874/2007, de 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados BOE 27/01/2009.
  - ORDE TIN 2378/2009, de 28 de agosto, pola que se modifica a Orde TAS/874/2007, de 28 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e os retornados.
  - Publicada Corrección de erros á Orde de concesión de subvencións para a cidadanía española no exterior e os retornados: o pago poderase realizar por anticipado tras a concesión. BOE de 04/10/2007.
  - Publicada Corrección de erros á orde de concesión de subvencións para a cidadanía española no exterior e os



retornados: o prazo de solicitude será dun mes desde a publicación de cada Resolución. BOE de 23/04/2007

- Publicada Corrección de erros á orde de concesión de subvencións para a cidadanía española no exterior e os retornados: xustificación de pagos efectuados con anterioridade. BOE de 21/11/2007.
- ORDE TAS/561/2006, de 24 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas asistenciais correspondentes aos programas de actuación a favor dos emigrantes españois non residentes en España. BOE de 02/03/2006.

#### **7.2.4 CONSELLO XERAL DA CIDADANÍA ESPAÑOLA NO EXTERIOR**

- REAL DECRETO 230/2008, de 15 de febreiro, polo que se regula o Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior. BOE 16/02/2008.
- REAL DECRETO 245/2009, de 27 de febreiro, polo que se modifica o Real

Decreto 230/2008, de 15 de febreiro, que regula o Consello Xeral da cidadanía española no exterior. BOE 10/03/2009.

- RESOLUCIÓN de 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Cidadanía Española no Exterior, pola que se establecen as normas para a designación de membros do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior no suposto do artigo 12.2 do Real Decreto 230/2008, de 15 de febreiro. BOE 16/09/2009

#### **7.2.5 NACIONALIDADE**

- LEI 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e establécense medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura. BOE 27/12/2007.
- INSTRUCIÓN de 4 de novembro de 2008, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre o dereito de opción á nacionalidade española establecido na disposición adicional sétima da Lei 52/2007, de 26 de decembro. BOE 28/11/2008.

### **10.3 MARCO NORMATIVO GALEGO**

#### **7.3.1 ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA**

#### **TÍTULO PRELIMINAR**

#### **ARTIGO 3**

Para efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do



Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

Como galegos, gozan de dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei do Estado.

#### **ARTIGO 4**

Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.

#### **ARTIGO 7**

As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galegitude entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado Español que, para facilita-lo disposto anteriormente, celebre os oportunos tratados

ou convenios cos Estados onde existan tales comunidades.

### **TÍTULO I: DO PODER GALEGO**

#### **Capítulo I: Do Parlamento**

##### **ARTIGO 11**

1. O Parlamento, mediante lei, poderá establecer un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.

### **TÍTULO II: DAS COMPETENCIAS DE GALICIA**

#### **Capítulo I: Das competencias en xeral**

##### **ARTIGO 29**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1. Laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e no nivel de execución, ostenta actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.



#### ARTIGO 32

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega.

#### ARTIGO 35

1. A Comunidade Autónoma poderá celebrar convenios con outras Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia das mesmas. A celebración dos citados convenios, antes da súa entrada en vigor, deberá ser comunicada ás Cortes Xerais. Se as Cortes Xerais, ou algunha das Cámaras, manifestasen reparos no prazo de trinta días, a partir da recepción da comunicación, o convenio deberá segui-lo trámite previsto no parágrafo seguinte. Se transcorre ese prazo sen que se manifesten reparos ó convenio, este entrará en vigor.
2. A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.
3. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que celebre e presente, se é o caso, ás Cortes Xerais para a súa autorización, os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos.

#### 7.3.2 LEI 4/1983, DO 15 DE XUÑO, DE RECOÑECIMENTO DA GALEGUIDADE

A comunidade galega está presente non só na súa terra, senón tamén na Galicia da emigración.

O espírito asociativo dos galegos lévanos a constituír fóra de Galicia auténticas Comunidades que serven de vínculo de unión e comuñón coa terra galega.

Desenvolvendo o artigo 7 do Estatuto de Galicia, a presente Lei recoñece ás devanditas Comunidades a súa galeguidade, o que posibilita a súa inserción na vida social e cultural do pobo galego, sen que iso implique a concesión de dereitos políticos.

Coa mesma finalidade, procura o impulso da actividade exterior do Estado en orde á articulación de tratados e convenios polos que se tenda a favorecer-los fins destas Comunidades e as aspiracións dos seus membros.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Recoñecemento da Galeguidade.

#### Título I

**Da galeguidade das Comunidades asentadas fóra de Galicia**



#### Artigo 1

Enténdese por galeguidade, ós efectos da presente Lei, o dereito das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia a colaborar e compartí-la vida social e cultural do pobo galego.

#### Artigo 2

Son Comunidades Galegas as entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopen asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, e ás que lles fose recoñecida a súa galeguidade de acordo coa presente Lei.

#### Artigo 3

A Comunidade Autónoma Galega promove e coordina, respectando a súa autonomía, a participación das Comunidades Galegas na vida social e cultural do pobo galego, e a tal fin:

1.— Crearanse canles de recíproca comunicación e apoio entre a Comunidade Autónoma e as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, para facer real e efectiva a súa colaboración na vida social e cultural de Galicia.

2.— Nun contexto de colaboración xeral impulsarase a actividade do Estado español en orde á elaboración e celebración de tratados

ou convenios con Estados onde existan Comunidades Galegas, de

acordo co Apartado 2 do Artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Galicia e sen prexuízo do previsto en

materia de relacións culturais no Apartado 3 do Artigo 35 do mesmo.

3.— Promoveranse acordos ou convenios nos termos do Artigo 35, Apartados 1 e 2 do propio Estatuto de Autonomía de Galicia.

#### Artigo 4

O recoñecemento da galeguidade producirase, previa solicitude, por acordo da Xunta de Galicia e dará lugar á inscrición da comunidade no Rexistro das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia.

#### Título II

#### Do alcance e contido do recoñecemento da galeguidade

#### Capítulo I

#### Na orde social e cultural

#### Artigo 5

O recoñecemento da galeguidade das Comunidades ás que se refire o artigo 2 desta Lei, alcanza, na orde social:



a) O dereito á información de cantas disposicións e resolución se adopten polos poderes da Comunidade Autónoma Galega.

b) O dereito a compartiren a vida social galega e colaboraren na súa difusión, dentro do territorio de Galicia e no ámbito da propia Comunidade que obtive-lo recoñecemento.

#### Artigo 6

O recoñecemento da galegitude das Comunidades Galegas implica na orde cultural, na forma que regulamentariamente se determine:

a) O dereito a desfrutaren das bibliotecas, recursos e arquivos dependentes da Comunidade Autónoma.

b) O dereito a colaboraren no marco das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos medios de comunicación social e emisións de televisión dirixidos ós galegos de dentro e fóra de Galicia.

c) O dereito a colaboraren no impulso das actividades culturais e espectáculos orientados a preservar

e fomenta-lo goce da lingua, cultura e tradicións galegas.

#### Artigo 7

1. A Comunidade Autónoma organizará, a través das Comunidades Galegas, e coa colaboración de institucións especializadas,

servizos didácticos e audiovisuais que faciliten o coñecemento da lingua,

cultura e tradicións de Galicia.

2. Facilitarase ás Comunidades Galegas a organización de cursos de lingua e cultura galegas.

#### Artigo 8

A Comunidade Autónoma fomentará a creación de prensa e revistas para uso escolar, con especial atención ós fillos dos galegos residentes fóra de Galicia. As Comunidades Galegas serán canle para a difusión de tales publicacións.

#### Artigo 9

No marco da cooperación social e cultural coas Comunidades Galegas, a Comunidade Autónoma fomentará, dentro das súas competencias, a produción, distribución e intercambio de programas

de radio e televisión.

#### Artigo 10

A Comunidade Autónoma garante a adquisición con destino ás Comunidades Galegas dun fondo



editorial tendente a facilita-lo coñecemento da historia, a arte, a lingua e a realidade social de Galicia.

O Consello de Comunidades Galegas propoñerá á Xunta de Galicia os criterios para a composición

e distribución entre estas do citado fondo.

#### **Artigo 11**

No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, en cooperación

coas Comunidades Galegas, cursos ou ciclos especiais sobre lingua, historia e cultura galegas, tanto na Universidade e Institucións docentes e culturais de Galicia, coma nas dos países de asentamento destas Comunidades.

#### **Artigo 12**

A Comunidade Autónoma de Galicia canalizará o exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos anteriores e a colaboración na vida social e cultural de Galicia das Comunidades Galegas inscritas

ó amparo desta Lei garantindo a presenza de representantes das mesmas nos Consellos ou Institutos

da Comunidade Autónoma relacionados coa súa actividade.

## **Capítulo II**

### **Do exercicio da galeguidade**

#### **Artigo 13**

1. Para o cumprimento dos fins establecidos na presente Lei, créase o Consello de Comunidades Galegas con carácter deliberante, de funcións consultivas e de asesoramento das institucións da Comunidade Autónoma, na forma que regulamentariamente se determine.

Son membros natos do Consello:

- a) O Presidente da Xunta de Galicia, que o presidirá.
- b) Os Conselleiros de Traballo, Seguridade Social e Emigración, o de Cultura e o de Turismo e Deportes.
- c) Un representante do Consello da Cultura Galega.
- d) Un representante da Real Academia Galega.
- e) Un representante da Universidade de Galicia.
- f) Un representante por cada unha das comunidades inscritas ó amparo desta Lei.

2. No seo do Consello constituirase unha Comisión Delegada que será elixida e renovada por aquel en forma regulamentaria.

#### **Artigo 14**

O Consello de Comunidades Galegas elaborará anualmente unha Memoria na que se dará





conta da aplicación efectiva da presente Lei e suxerirá á Xunta de Galicia as medidas convenientes para o mellor cumprimento dos seus fins.

#### Artigo 15

Como servizo dependente da Xunta de Galicia créase o Rexistro de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia que será público e terá por obxecto a inscrición, e no seu caso, a anotación do nome, estatutos e os órganos reitores daquelas, así como das modificacións que se produzan.

#### Disposición adicional

Para o cumprimento dos fins da presente Lei, establecerase una partida específica nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

#### Disposición derradeira

Autorízase á Xunta de Galicia para ditar as normas de desenrolo regulamentario da presente Lei.

Santiago de Compostela, 15 de

xuño de 1983

Gerardo Fernández Albor

Presidente

#### 7.3.3 Decreto 3/1987, do 8 de xaneiro, polo que se adscribe o Rexistro de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia á Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas e se establece o procedemento para solicitarlo recoñecemento da galegitude e a posterior inscrición no Rexistro.

O artigo 7.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece que: "As Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar como

tales, o recoñecemento da súa galegitude...".

En virtude desta declaración e mediante a Lei 4/83 de Galicia, definiuse a galegitude e estableceuse a vía necesaria para que se concedese o carácter

de Comunidade Galega a determinadas entidades asociativas, sendo un dos trámites do dito procedemento: "... a inscrición da comunidade no Rexistro das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia".

Disposto no artigo 15 da Lei 4/83 de Galicia, que; "Como servizo dependente da Xunta de Galicia crease o Rexistro de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia..."

Tendo en conta a disposición final da Lei de Galicia anteriormente mencionada na que se autoriza á Xunta de Galicia: "... para ditar as normas de desenvolvemento regulamentario...", para a súa maior efectividade, e resultando conveniente regula-la forma en que se debe solicita-lo



recoñecemento da galegitude a que se refire o artigo 4 da Lei 4/83 de Galicia, así como o funcionamento do Rexistro das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, a que se refire o artigo 15, procede que se establezan as normas

adecuadas para determina-lo procedemento das inscricións e a normalización da documentación.

Na súa virtude, a proposta do conselleiro da Presidencia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de xaneiro de mil novecentos oitenta e sete,

**DISPOÑO:**

**ARTIGO 1**

1.- Adscríbese á Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas o Rexistro das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia.

2. No citado rexistro inscribírase toda entidade asociativa que o solicite conforme ás normas contidas neste decreto, despois de que así o acorde a autoridade do rexistro.

**ARTIGO 2**

A entidade asociativa que pretenda obte-lo recoñecemento da galegitude deberá cumprilos seguintes requisitos:

a) Que o obxecto principal da entidade, recollido nos seus estatutos, sexa a constitución e o mantemento de lazos culturais

ou sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e a súa cultura.

b) Que conste a vontade de asociación, manifestada conforme ós seus estatutos.

**ARTIGO 3**

1. O procedemento para o recoñecemento da galegitude iniciarse mediante instancia dirixida ó Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas. As instancias formularanse de acordo co modelo que figura no anexo correspondente e irán acompañadas da documentación que se indica no artigo 5 .

2. Recibida a documentación, a citada dirección xeral aceptaraa no prazo de un mes ou sinalará os efectos que cumpra emendar.

Completada a documentación, o expediente será elevado, xunto co informe da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, ó Consello da Xunta de Galicia, que adoptará, se é o caso, o acordo de recoñecemento da súa galegitude á entidade solicitante.

3. Recoñecida a galegitude dunha entidade, a rección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas procederá, de oficio, a inscribila no Rexistro das Comunidades Galegas asentadas fora de Galicia, notificando á entidade interesada o acordo do consello, que deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia.

**ARTIGO 4**

O recoñecemento da galegitude é condición necesaria para obtención de subvencións e



outras axudas que poidan outorga-los organismos dependentes da Xunta de Galicia e para adquisición e desfrute dos dereitos recoñecidos na Lei de Galicia 4/83.

#### ARTIGO 5

1. A documentación que se unirá á instancia de solicitude de recoñecemento de galeguidade será:

a) Certificación da entidade na que figure, de maneira expresa, o acordo ó que se refire o artigo 2 b).

b) Copia ou fotocopia dos estatutos vixentes da entidade, debidamente autenticada ou compulsada pola autoridade competente no país respectivo, demostrativa de que aquela foi constituída conforme ás leis vixentes no mesmo, así como de que o seu obxecto principal é o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia.

c) Certificado da relación nominal das persoas que compoñen a Xunta Directiva.

d) Certificación acreditativa do número de socios da entidade.

e) Memoria que inclúa os seguintes aspectos:

- Datos de identificación.
- Natureza, organización e fins da entidade.
- Medios materiais e persoais de que dispón.
- Actividades desenvolvidas durante o ano anterior ó da solicitude.
- Programación das accións futuras.

2. A Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas poderá solicitar en todo caso dos interesados cantos datos estime necesarios para xulgar tanto sobre a procedencia da inscrición solicitada como sobre a súa posterior cancelación por incumprimento das condicións ou fins que motivaron aquela.

#### ARTIGO 6

A Xunta de Galicia concederá ou denegará o recoñecemento da galeguidade logo da valoración das circunstancias que concorran na entidade.

#### ARTIGO 7

A cancelación da inscrición e, polo tanto, a conseguinte perda da galeguidade, poderá ser acordada polo Consello da Xunta de Galicia, mediante resolución motivada, cando se acredite algunha das causas seguintes:

a) Extinción da personalidade xurídica da entidade, desaparición real da mesma ou cesamento das actividades.

b) Revogación ou perda de eficacia das autorizacións preceptivas outorgadas no seu día polos organismos competentes para a súa válida constitución.

c) Incumprimento sobrevido das condicións e circunstancias valoradas no momento do recoñecemento.

d) Destino, de forma ilegal, a fins distintos, das subvencións e axudas concedidas pola Xunta de Galicia.



#### ARTIGO 8

As comunidades galegas ás que lles sexa recoñecida a súa galeguidade deberán presentarlle á Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, unha memoria anual que comprenda as actividades e traballos que realice a entidade.

#### ARTIGO 9

O rexistro será público e os que acrediten a condición de interesados poderán acceder ó seu contido mediante manifestación dos libros ou certificación do asentamento correspondente.

#### ARTIGO 10

O cambio de domicilio social, que en todo caso debe ser comunicado ó rexistro, non motivará por si só expediente de modificación, agás que o ámbito territorial previsto no expediente de inscrición varíe substancialmente.

#### ARTIGO 11

As modificacións estatutarias da entidade deberán ser comunicadas ó rexistro.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

##### Primeira

As comunidades galegas inscritas no censo provisional actualmente existente adaptaranse ó disposto neste decreto no prazo de un ano a partir da data da entrada en vigor do mesmo.

##### Segunda

A dirección xeral tramitará de oficio para elevado ó Consello da Xunta de Galicia, para efectos de recoñecemento da galeguidade, as solicitudes xa presentadas que e axusten ó previsto neste decreto e que figuren no consello provisorio.

#### DISPOSICIONS DERRADEIRAS

##### Primeira

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido neste decreto.

##### Segunda

Facúltase á Consellería da Presidencia para ditar as normas necesarias para o

desenvolvemento e execución do establecido neste decreto.

##### Terceira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 1987.

#### **7.3.4 Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.**

A Lei galega 4/1983, do 15 de xuño, de Recoñecemento da Galeguidade, creou o Consello de Comunidades Galegas coma órgano representativo das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

A citada norma legal contén unhas referencias mínimas tocante á natureza, composición e



funcións tanto do consello como da comisión delegada que deberá constituír no seu seo, e remite expresamente, no demais, ás normas que regulamentariamente desenvolvan a lei. Cómpre, pois, proceder a ditar esa normativa regulamentaria, configurando e delimitando o alcance das disposicións legais sobre organización, funcionamento réxime de adopción de acordos polo consello e pola comisión delegada, que fagan operativas e eficaces as previsións legais.

Por iso, a proposta do conselleiro da Presidencia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xaneiro de mil novecentos oitenta e sete,

### **DISPOÑO:**

#### **ARTIGO 1**

1. O Consello de Comunidades Galegas, creado pola Lei galega 4/83, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, é o órgano colexiado de representación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

2. Con carácter deliberante e funcións consultivas, o consello asesorará á Administración autonómica para os efectos de cumprir os fins establecidos na

mencionada lei.

#### **ARTIGO 2**

1. Compoñen o Consello de Comunidades Galegas:

Presidente:

- O presidente da Xunta de Galicia.

Vocais:

- Os conselleiros da Presidencia e Administración Pública, de Educación e Ordenación Universitaria, de Industria e Comercio, de Traballo e Servizos Sociais, de Cultura e Xuventude e de Sanidade, que poderán delegar no secretario xeral técnico ou nun director xeral da súa consellería.

- Un representante do Consello da Cultura Galega.

- Un representante de cada unha das tres universidades galegas.

- Un representante por cada unha das comunidades inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas.

- Así mesmo forman parte do consello os secretarios xerais para as Relacións coas Comunidades Galegas, para o Deporte e para o Turismo.

2. Participará nas sesións do Pleno do consello un representante de cada unha das comunidades de residentes no exterior nas que exista unha presenza maioritaria de galegos.

Cada representante deberá posuír unha acreditación habilitante expedida pola Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas mediante resolución motivada.

3. Poderanse incorporar ás sesións do Pleno do consello, con voz pero sen voto, aquelas



persoas que o presidente do consello xulgue oportuno que asistan pola súa destacada personalidade ou relevancia nos ámbitos social e cultural de Galicia.

4. Actuará como secretario do consello, con voz pero sen voto, un funcionario nomeado polo secretario xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.

(Nova redacción dada polo Decreto 195/91, do 30 de maio).

#### ARTIGO 3

O Consello de Comunidade Galegas actuará a través do seu presidente, do pleno e da comisión delegada que se constituía no seo do consello.

#### ARTIGO 4

O presidente do Consello de Comunidades Galegas terá as seguintes funcións:

- Ostenta-la superior representación do consello.
- Convocar, presidir, e dirixi-las sesións do Pleno, decidindo os empates co seu voto de calidade e adoptando as medidas que coide pertinentes Para a boa marcha destas sesións.
- Someter a consideración do Pleno e da comisión delegada cantas propostas considere oportunas para cumprir mellor os fins da Lei 4/1983.
- Aproba-la orde do día das sesións do Pleno, na que se poderán incluí-los temas

aceptados por un terzo dos asistentes. As convocatorias serán publicadas no Diario Oficial de Galicia mediante resolución da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.

(Nova redacción dada polo Decreto 195/91, do 30 de maio)

#### ARTIGO 5

Será competencia do Pleno do Consello de Comunidades Galegas;

- Deliberar sobre tódolos asuntos contidos na orde do día e, en particular, sobre os informes, estudos e propostas que sexan sometidas ó seu exame e consideración.
- Elixir e nomea-los vocais representantes das áreas xeográficas na Comisión Delegada do Consello, designando dous suplentes por área.
- Establece-los criterios xerais ós que se terá que suxeita-la actuación da comisión delegada durante o período do seu mandato.
- Calquera outra función que lle poida corresponder conforme á Lei galega 4/1983, de recoñecemento da galegidade, e que estea expresamente atribuída a outros órganos.

#### ARTIGO 6

O Pleno reunirase en sesións ordinarias cada tres anos e en sesións extraordinarias cando o presidente o considere necesario ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus compoñentes e o presidente o sultue oportuno.



#### ARTIGO 7

1.- O Pleno quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando estea presente a maioría simple dos seus membros e, en segunda convocatoria, sexa cal sexa o número dos asistentes.

2.- Os representantes das comunidades galegas acreditarán a súa personalidade e representatividade por certificación do acordo ó respecto da súa xunta directiva, asinada polo secretario e co visto e prace do presidente.

#### ARTIGO 8

1. A comisión estará composta por:

- O presidente da Xunta de Galicia.
- O secretario xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.
- Catro vocais representantes dos centros de España inscritos no Rexistro de Comunidades Galegas.
- Catro vocais representantes dos centros do resto de Europa inscritos no Rexistro de Comunidades Galegas.
- Catro vocais representantes dos Centros de América inscritos no Rexistro de Comunidades Galegas.

2. Actuará como presidente da comisión o presidente da Xunta de Galicia ou, se é o caso, o secretario xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas e como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario nomeado polo citado secretario xeral.

3. A orde do día e a convocatoria da comisión delegada será fixada, logo de conformidade do presidente da Xunta de Galicia, polo secretario xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

(Nova redacción dada polo Decreto 195/91, do 30 de maio)

#### ARTIGO 9

Durante o período de tempo que dure o seu mandato, a comisión delegada reunirse, cando menos, unha vez ó ano e, en todo caso, cando o solicite o seu presidente ou a petición da maioría simple dos seus membros.

#### ARTIGO 10

É competencia da comisión delegada:

- Prepara-las sesións do Pleno, tanto ordinarias como extraordinarias, fixando os relatorios que se deban estudar e discutir nel.
- Someter aprobación do presidente aqueles asuntos que os membros da comisión consideren que deben ser incluídos na orde do día, tanto do Pleno como da comisión delegada.
- Elabora-la memoria anual que preceptúa o art. 14 da Lei 4/1983, tendo en conta o anteproxecto presentado pola Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas.
- Executa-las competencias que delegue nela o Pleno ou que lle sexan atribuídas por lei.



(Nova redacción dada polo Decreto 195/91, do 3 de maio)

#### ARTIGO 11

1. Os acordos adoptados, tanto en Pleno coma e comisión delegada, serano por maioría simple dos seus membros presentes.

2. O vocal que disinta da maioría poderá pedir que conste na acta o seu voto negativo. Se quere, poderá formular voto particular, escrito e fundado, que se incluírá na acta, sempre que o presente dentro do día seguinte a aquel no que se tornou o acordo.

3. Cando a comisión delegada faga uso das súas facultades de informe e asesoramento, os votos particulares razoados incorporaranse ó texto do acordo adoptado, e uniranse á documentación que se remita ó órgano destinatario.

#### ARTIGO 12

Os acordos dos órganos do Consello de Comunidades Galegas serán certificados polo se secretario e levarán o vista e prace do presidente.

#### ARTIGO 13

Os acordos do Consello de Comunidades Galegas enviaranse, á través da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, ó Consello da Xunta de Galicia.

#### ARTIGO 14

En todo o non previsto neste regulamento observaranse as disposicións legais sobre

procedemento administrativo en canto lles sexan de aplicación.

#### DISPOSICIONS DERRADEIRAS

Primeira: Quedan derogadas tódalas disposicións que se opoñan ó establecido neste decreto.

Segunda: Facúltase á Consellería da Presidencia para ditar as normas que cumpran para o desenvolvemento e execución do establecido no presente decreto.

Terceira: Este decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 1987.

#### 7.3.5 Decreto 195/91, do 30 de maio, polo que se modifica o regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.

En desenvolvemento da Lei 4/1983, do 14 de xuño, de recoñecemento da galegitude, publicouse o Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, órgano este previsto na citada lei como representativo das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Tratou este regulamento de preve-lo réxime de organización, funcionamento e adopción de acordos do referido consello.

Polo Decreto 443/1987, do 26 de novembro, modificase o dito regulamento cos obxectivos de adecua-la composición do consello á,





daquela, nova estrutura das consellerías da Administración autonómica así como co fin de concreta-la súa presidencia no propio presidente da Xunta de Galicia, dotando así ó consello da mais alta representación institucional da Comunidade Autónoma.

Neste momento volven confluír diversas razóns de natureza xurídica tales como a aprobación da nova estrutura da Xunta de Galicia e dos seus departamentos operada polo Decreto 12/1990, do 5 de febreiro, e polo 15/1990, do 6 de febreiro, así como a nova configuración do centro directivo encargado dos residentes galegos no exterior, dependendo funcionalmente do presidente. da

Xunta de Galicia. Estas razóns xunto coa intención de establecer un procedemento concreto no relativo á convocatoria e publicidade dos órganos mediante os que actúa o Consello de Comunidades Galegas, veñen aconsella-la modificación aquí pretendida.

Ademais, xúlgase oportuno, por que así se desprende do espírito do artigo 7 do Estatuto de Autonomía para Galicia e da citada Lei 4/1983, do 15 de xuño, que o desenvolve, amplia-lo Consello de Comunidades Galegas, de forma en todo caso

excepcional, a aquelas nas que haxa unha maioritaria presenza de galegos, así como preve-la posibilidade de que estas poidan acceder a beneficios que a Administración autonómica lles concede ás comunidades galegas. Todo isto, non

obstante, farase de forma motivada e con base no impacto social e cultural daquelas comunidades no exterior. Na súa virtude, por proposta do conselleiro

da Presidencia e Administración Pública e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do trinta de maio de mil novecentos noventa e un.

#### **DISPOÑO:**

#### **ARTIGO ÚNICO**

Os artigos 2, 4 parágrafo último, 8 e 10 parágrafo segundo do Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas quedarán redactados do seguinte xeito:

(Ver nova redacción do Decreto 4/87, do 8 de xaneiro).

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

As comunidades de residentes no exterior na que a presenza de galegos sexa maioritaria poderán, excepcionalmente, acceder a beneficios que ó abeiro da Lei de recoñecemento da galeguidade outorgue a Administración autonómica, sempre que contén coa resolución aprobatoria motivada da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**



O previsto neste decreto non será de aplicación á publicidade da convocatoria da comisión permanente do ano 1991.

#### **DISPOSICION DERROGATORIA**

Queda derogado o Decreto 443/1987, do 26 de novembro, e calquera outra disposición de igual ou inferior categoría que se opoña ó presente decreto.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 1991.

#### **7.3.6 Decreto 261/1992 do 17 de setembro, polo que se amplía a composición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.**

O Decreto 195/91, do 30 de maio, modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas como consecuencia da aprobación da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia e do centro directivo encargado dos residentes galegos no exterior, así como pola necesidade de regular certos aspectos procedementais.

As experiencias alcanzadas nas reunións do Consello de Comunidades Galegas celebradas no Carballiño o verán de 1988 e na illa da Toxa en decembro de 1991 e co fin de lograr unha maior eficacia e coordinación nas accións do mencionado consello e, de maneira especial, da súa comisión delegada, faise conveniente

ampliara composición desta última con membros que, polos seus méritos, antecedentes, obra, experiencia e recoñecida traxectoria galega ou número de asociados, teñan a condición de permanentes.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de setembro de mil novecientos noventa e dous,

#### **DISPOÑO:**

#### **ARTIGO ÚNICO**

Son membros permanentes da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas as institucións que, tendo recoñecida a súa galegitude, teñan mais de 50.000 asociados quedando, deste xeito, ampliada a devandita comisión.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

Primeira.- Facúltase ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública para ditar as normas que cumpran para o desenvolvemento e execución do establecido no presente decreto.

Segunda.- O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 1992






- Lei 3/2003 de 19 de xuño de Cooperación ao Desenvolvemento
- Decreto 326/2004, do 29 de decembro polo que se crea o rexistro de axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Lei 3/2000 de 22 de decembro de voluntariado social de Galicia
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 429/2009, do 3 de decembro, polo que se modifica o Decreto 177/1995 do 16 de xuño polo que se regula a tarxeta sanitaria.
- Orde do 18 de decembro do 2009 pola que se o procedemento de expedición da tarxeta sanitaria para os galegos e galegas residentes no exterior, durante a súa estada temporal en Galicia.
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (celga).
- Decreto 368/2009, do 30 de xullo, polo que se crea e regula o Consello de Acción Exterior.




### 11. PLAN DE ACCIÓN

#### 11.1 PROGRAMAS DE AYUDA E SUBVENCIONES







1. ATENCIÓN SOCIO-ASISTENCIAL A LOS GALLEGOS RESIDENTES EN EL EXTERIOR



2. COMUNIDADES GALLEGAS Y GALLEGUIDAD







4. JUVENTUD

L-1. Programa de ayudas y subvenciones destinadas a las entidades gallegas en el exterior para la realización de proyectos promovidos por la juventud.

L-2. Programa de becas destinadas a los ciudadanos gallegos en el exterior para la realización de estudios universitarios oficiales y de formación profesional.

L-3. Programa de ayudas para la participación en actividades de campamentos y campos de trabajo dirigidos a jóvenes de origen gallego o descendientes de gallegos que residen en el exterior.

P-1. Becas para la realización de estudios universitarios de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional en cualquiera de las 3 universidades de Galicia

P-2. Becas para la realización de estudios conducentes a la obtención del título de Máster Universitario en cualquiera de las 3 universidades de Galicia.

P-3. Becas de intercambio para la realización de enseñanzas universitarias en cualquiera de las 3 universidades de Galicia que tengan firmados convenios con universidades de países extracomunitarios.

P-4. Becas para la realización de estudios de formación profesional de grado superior en centros docentes públicos y privados de Galicia que tengan estas enseñanzas concertadas.

P-1. Campamentos.

P-2. Campos de trabajo.

5. RETORNO

L-1. Programa de subvenciones dirigida a entidades gallegas en el exterior para realizar acciones de información, orientación y asesoramiento para emigrantes gallegos con voluntad de retornar.

L-2. Ayudas Extraordinarias a emigrantes gallegos retornados y a sus familiares





### 11.1.1. ATENCIÓN SOCIO-ASISTENCIAL AOS GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR

#### LIÑA DE ACTUACIÓN 1.1

#### PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS A GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR.

Establécese un programa de axudas económicas individuais a emigrantes galegos . Regúlase a concesión de axudas económicas, directas, individuais e de carácter social, dirixidas a emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega, e a determinados familiares, residentes no estranxeiro, que se atopen en situación de precariedade económica. Están destinadas a cubrir as necesidades básicas de subsistencia e atención socio-sanitaria.

#### LIÑA DE ACTUACIÓN 1.2

#### “REENCONTROS”

#### PROGRAMA 1.2.1

#### Reencontros “Ven a Galicia” e Reencontros “Volver a Terra”

Axudas para facilitar o contacto con Galicia de emigrantes galegos residentes no exterior e dar cumprimento á Lei de Galeguidade, 4/1983, e ao Estatuto de Autonomía de Galicia que establece o dereito das comunidades galegas no exterior a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

Fomenta o contacto entre os emigrantes coa terra e coas súas familias residentes en Galicia como unha das formas máis importantes de manter os vínculos das comunidades galegas no exterior coas realidade cotiá de Galicia.

#### Programa 1.2.1.1

#### Reencontros “Ven a Galicia”.



Dirixido a emigrantes galegos con residencia en comunidades autónomas españolas ou en Europa, maiores de 60 anos, que non teñan participado noutras convocatorias

Programa 1.2.1.2 Reencontros “Volver a Terra”

Dirixido a emigrantes con residencia en América, maiores de 60 anos, que non teñan participado nestes programas nos últimos anos e que teñan baixos recursos económicos.

PROGRAMA 1.2.2 Reencontros “Volver a Casa”

Axudas para facilitar a convivencia dos emigrantes galegos coas súas familias residentes en Galicia e dar así cumprimento á Lei de Galegitude, Lei 4/1983, e ao Estatuto de Autonomía de Galicia que establece o dereito das comunidades galegas no exterior a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

Fomenta o contacto entre os emigrantes coa terra e coas súas familias residentes en Galicia como unha das formas máis importantes de manter os vínculos das comunidades galegas no exterior coa realidade cotiá de Galicia e satisfacer así un dos desexos máis anhelados dos galegos que teñen a súa residencia fóra de Galicia.

Dirixido a emigrantes galegos residentes en América, maiores de 55 anos, que non teñan participado en programas similares da Xunta de Galicia nos últimos cinco anos e que teñan baixos recursos económicos.

**ACCIÓN 1.1 EXTENSIÓN DO DERETIO DE PRESTACIÓN SANITARIA DURANTE AS SÚAS ESTANCIAS TEMPORAIS EN GALICIA AOS GALEGOS/AS RESIDENTES NO EXTERIOR**



Colaborarase de forma transversal con diferentes departamentos do Goberno de Galicia, baixo a responsabilidade da Consellería de Sanidade, para a extensión do dereito á prestación sanitaria , aos galegos residentes no exterior, nas súas estancias temporais en Galicia a través do Servizo Galego de Saúde.

**ACCIÓN 1.2**

**COLABORACIÓN COS SISTEMAS DE ATENCIÓN SANITARIA DEPENDENTES DE ENTIDADES GALLGAS OU ESPAÑOLAS CUN NÚMERO SIGNIFICATIVO DE BENEFICIARIOS GALEGOS.**

A colaboración do Goberno de Galicia cos sistemas de atención sanitaria dependentes de entidades galegas ou españolas cun número significativo de beneficiarios galegos foi unha constante da actuación sociosanitaria do Goberno de Galicia a favor dos galegos residentes ausentes, fundamentalmente nos países de Latinoamérica. Como política transversal do Goberno de Galicia aténdense de forma integral a moitas das necesidades do grupo de hospitais situados en diferentes países.

Galicia sosteirá as accións de colaboración con estas entidades prestadoras de servizos sanitarios baixo as premisas de eficiencia e eficacia; promovendo as melloras necesarias a nivel técnico, de formación e xestión que melloren as capacidades e calidade da atención á nosa poboación galega no exterior.

**ACCIÓN 1.3**

**AXUDAS AOS GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR EN SITUACIÓN DE PRECARIIDADE PARA GARANTIR A COBERTURA SANITARIA NO SISTEMA DE ATENCIÓN SANITARIA DEPENDENTE DE ENTIDADES GALEGAS OU ESPAÑOLAS CUN NÚMERO SIGNIFICATIVO DE BENEFICIARIOS GALEGOS**

Garantir o acceso aos sistemas de saúde aos galegos residentes no exterior é unha prioridade deste plan estratéxico. O esforzo por cubrir esta necesidade a aqueles dos nosos paisanos en situación de precariedade manterase durante estes tres anos.

**ACCIÓN 1.4**

**COLABORACIÓN COS CENTROS DE DÍA E RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE DEPENDENTES DE ENTIDADES GALEGAS OU ESPAÑOLAS CUN NÚMERO SIGNIFICATIVO DE BENEFICIARIOS GALEGOS.**



O progresivo envellecemento das primeiras xeracións de galegos residentes no exterior, fai necesario priorizar esforzos para mellorar e aumentar a atención dos nosos maiores no exterior. O Goberno de Galicia seguirá implicando esforzos en diferentes accións:

- Mellora nas dotacións dos centros de día e residencias no exterior dependentes de entidades galegas ou españolas cun número significativo de beneficiarios galegos.
- Mellora da formación dos profesionais que atenden aos nosos maiores.
- Axudas para o funcionamento ordinario dos centros de día e residencias da terceira idade

**ACCIÓN 1.5**

**POTENCIAR OS ESTUDOS PARA DEFINIR A SITUACIÓN DOS GALEGOS EN SITUACIÓN DE PRECARIIDADE OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E AS MEDIDAS DE INTERVENCIÓN MÁIS EFECTIVAS**

É necesario coñecer a realidade efectiva do número e localización dos casos de galegos e familiares en situación de precariedade ou en risco de exclusión social. Desde a Secretaría Xeral da Emigración impulsaranse estudos efectivos e plans de intervención para garantir a atención necesaria a este colectivo, con especial atención á terceira idade e ás familias en risco de exclusión social.

**11.1.2 PROGRAMAS DE ACTUACIÓN EN FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.**

**LIÑA DE ACTUACIÓN 2.1**

**PROGRAMAS DE ACTUACIÓN EN FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.**

Establece as axudas necesarias en cumprimento do dereito, recoñecido no Estatuto de Autonomías de Galicia, das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a compartir a vida social e cultural do pobo galego.

**PROGRAMA 2.1.1**

**Axudas a entidades galegas no exterior para a prestación de servizos socioasistenciais a favor das persoas de orixe galega residentes no**



**exterior e os seus descendentes**

Concede subvencións destinadas ás entidades que presten servizos sanitarios, socioasistenciais ou residenciais, a persoas de orixe galega residentes no exterior que carezan da correspondente cobertura e de medios económicos suficientes para afrontar o seu custo.

**PROGRAMA 2.1.2**

**Axudas para promover a realización de proxectos culturais, formativos e actividades asociativas propias das entidades galegas no exterior.**

Fomenta, mediante a concesión de axudas a realización da programación cultural e formativa dos centros e entidades galegas no exterior e, así mesmo, promove a difusión e preservación do patrimonio cultural de Galicia entre as colectividades de galegos residentes nos lugares de acollida.

**PROGRAMA 2.1.3**

**Axudas para a edición de publicacións e outras accións informativas das entidades galegas no exterior.**

Fomenta e potencia a dinámica cultural dos centros e comunidades galegas no exterior a través da edición de libros, publicación de revistas de carácter periódico, realización de programas de radio e televisión, así como outras accións que contribúan a un mellor coñecemento da realidade e difusión da imaxe de Galicia nos lugares de asentamento das comunidades galegas residentes no exterior.

**PROGRAMA 2.1.4**

**Axudas para o financiamento dos gastos de funcionamento das entidades galegas no exterior**

Concede axudas para contribuír ao financiamento dos gastos correntes ou de funcionamento de carácter periódico en que incorran os centros e entidades galegas existentes fóra de Galicia e que resulten necesarios para o mantemento da súa actividade ordinaria

**LIÑA DE ACTUACIÓN 2.2**

**PROGRAMAS DE APOIO INFRAESTRUCTURAL ÁS  
COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR**



Establece as subvencións aos programas de apoio infraestrutural para reforma, rehabilitación e conservación das súas instalacións; para a mellora de dotacións e equipamentos; para o acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos de bibliotecas e as axudas para a restauración do patrimonio artístico, bibliográfico e documental titularidade das entidades galegas no exterior.

**PROGRAMA 2.2.1**

**Axudas a entidades galegas no exterior para a reforma, rehabilitación e conservación das súas instalacións.**

Concede subvencións ás entidades galegas no exterior para contribuír ao financiamento dos gastos derivados dos investimentos que se realicen en obras de reforma, reparación, conservación, restauración e mantemento, destinadas á mellora das súas instalacións.

**PROGRAMA 2.2.2**

**Axudas a entidades asociativas de emigrantes galegos no exterior para a mellora de dotacións.**

Concede axudas destinadas ás entidades galegas no exterior para financiar a adquisición de dotacións e equipamentos que contribúan a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades asociativas que realizan.

**PROGRAMA 2.2.3**

**Axudas para o acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos das bibliotecas pertencentes ás entidades galegas no exterior.**

Concede axudas para financiar o acondicionamento e mellora das instalacións das bibliotecas existentes nas entidades galegas no exterior e a dotación e/ou renovación dos seus fondos bibliográficos e demais actuacións que contribúan a mellorar as condicións nas que se atopan na actualidade.

**LIÑA DE ACTUACIÓN 2.3**

**PROGRAMA DE ESCOLAS ABERTAS PRESENCIAIS DESTINADAS A CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR**

Fomenta a cultura galega nas súas diferentes manifestacións artísticas e promove a participación dos cidadáns galegos residentes no exterior e das



súas comunidades en programas formativos de carácter presencial que se desenvolverán en Galicia.

**PROGRAMA 2.3.1 Formación – Nivel Intermedio.**

Impártense os seguintes cursos:

2.3.1.1 Asociacionismo, participación e información xuvenil

2.3.1.2 TIC's e Novas Tecnoloxías.

2.3.1.3 Xestión de asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

2.3.1.4 Gaita tradicional galega.

2.3.1.5 Canto popular e percusión.

2.3.1.6 Baile tradicional galego.

**PROGRAMA 2.3.2 Especialización –Nivel avanzado.**

Impártense os seguintes cursos cursos:

2.3.2.1 Gaita tradicional galega.

2.3.2.2 Baile tradicional galego

**LIÑA DE ACTUACIÓN 2.4 PROGRAMA DE SEMINARIOS DE BAILE-MÚSICA E COCIÑA TRADICIONAL GALEGA DIRIXIDO A ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.**

Potencia a relación dos galegos residentes no exterior cos costumes e tradicións galegas a través de distintos programas formativos de baile, música e cociña tradicional galega, que se realizarán nas entidades galegas do exterior, de maneira que se manteña viva a nosa identidade e se promocióne a nosa cultura no exterior.

**PROGRAMA 2.4.1 Programa de Baile e música tradicional galega.**



Consta das seguintes modalidades:

2.4.1.1 Seminarios de baile.

2.4.1.2 Seminarios de Gaita.

2.4.1.3 Seminarios de percusión

2.4.1.3 Seminarios de pandeireta e canto.

**PROGRAMA 2.4.2 Programa de cociña tradicional galega.**

2.4.2.1 Seminarios de cociña tradicional galega.

**ACCIÓN 2.1**

**POTENCIAR O PAPEL DE COORDINACIÓN INFORMATIVA E XERACIÓN DE INICIATIVAS A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR A TRAVÉS DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.**

Reforzar o papel informativo e coordinador da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas xerará o aproveitamento dunha canle informativa, asesora e de coordinación de iniciativas do alto valor para o Goberno de Galicia. Tras o IX Consello de Comunidades Galegas coordinarase coa Comisión Delegada elixida no mesmo:

- Desenvolvemento dunha axenda de traballo polo período de mandato da Comisión Delegada.
- Apertura de canles de comunicación permanentes tanto entre as Comunidades Galegas coa Comisión Delegada como desta coa Secretaría Xeral da Emigración.
- Xerar un espazo propio dentro do portal Galiciaaberta.com no que a Comisión Delegada poida intercomunicarse, relacionarse coas entidades galegas no exterior, pór a disposición dos galegos no exterior documentación ou información xerada por este organismo e poder comunicarse, de forma estable, coa galegitude.





## ACCIÓN 2.2 ACTUALIZACIÓN DO REXISTRO DE COMUNIDADES GALEGAS.

Atendendo a unha demanda exposta amplamente por moitas das nosas Comunidades Galegas, abrírase tras o IX Consello de Comunidades Galegas, un debate e estudo para a actualización do Rexistro de Comunidades Galegas, co fin de dimensionar, de forma obxectiva o peso real das nosas entidades. Coa colaboración da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas valorárase a permanencia, inclusión ou exclusión das entidades constituídas baixo as premisas que sinala a Lei de Recoñecemento da Galegidade.

### 11.1.3 SOCIEDADE CO COÑECEMENTO

#### LIÑA 3.1

**CURSOS PREPARATORIOS DE LINGUA GALEGA, PARA OS NIVEIS CELGA E DE EXTENSIÓN CULTURAL, PARA OS GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR E PERSOAS INTERESADAS NO IDIOMA E A CULTURA DE GALICIA.**

En cumprimento da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística e da Lei 4/1983 de 15 de xuño, de recoñecemento da galegidade, que establecen que, o Goberno de Galicia fará uso dos recursos necesarios para que os galegos residentes no exterior poidan dispor dos servizos culturais e lingüísticos no idioma propio de Galicia, convócanse cursos preparatorios para os niveis Celga e de extensión cultural, que se realizarán nos centros galegos no exterior, en entidades sen ánimo de lucro e nas cidades nas que exista unha importante demanda no coñecemento da lingua galega.

#### PROGRAMA 3.1.1 Cursos de lingua galega e de extensión cultural

Desenvolveranse nos centros galegos e entidades sen ánimo de lucro, radicadas fóra de Galicia, interesadas no coñecemento da lingua e cultura de Galicia. Os niveis de coñecemento que se impartirán serán válidos para obter os certificados de:



- Lingua galega 1 (Celga 1).
- Lingua galega 2 (Celga 2).
- Lingua galega 3 (Celga 3).
- Lingua galega 4 (Celga 4).

#### PROGRAMA 3.1.2 “Galegonatúacidade “

Cursos de lingua galega dirixidos a persoas residentes no exterior que estean interesadas no coñecemento da lingua galega. Os niveis de coñecemento que se impartirán serán válidos para obter os certificados Celga 1,2,3 e 4.

#### ACCIÓN 3.1 MELLORA DAS CAPACIDADES DO PORTAL GALICIAABERTA.COM

Desde a súa creación no 2004 o portal galiciaaberta.com converteuse nun referente fundamental da acción institucional a favor das Comunidades Galegas no exterior. Aínda así, consideramos esencial a mellora das súas capacidades e a explotación efectiva das súas potencialidades. A Secretaría Xeral da Emigración considera este portal unha ferramenta esencial na súa política de mellora tecnolóxica e das súas estratexias de información e comunicación cara ás comunidades galegas e fomentará os procesos de mellora continua.

#### ACCIÓN 3.2 E-ADMINISTRACIÓN PARA AS COMUNIDADES GALEGAS

Facilitar os procesos de tramitación de ordes e axudas ás comunidades galegas e garantir unha canle fiable, rápida, segura e con capacidade de retroalimentación entre estas entidades e o Goberno de Galicia será un dos eixos de actuación na mellora do uso da tecnoloxía por parte das entidades galegas.

Como política transversal da Administración de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración baixo a coordinación , asesoramento e apoio da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica irá implementando, de forma progresiva e coordinada coas entidades a teletramitación das súas ordes de



subvencións e axudas.

**ACCIÓN 3.3**

**MELLORA DAS CAPACIDADES DE COMUNICACIÓN ENTRE AS COMUNIDADES GALEGAS E DESTAS COA ADMINISTRACIÓN GALEGA.**

O portal galiciaaberta.com debe ser o punto de encontro virtual das Comunidades Galegas, desde a Secretaría Xeral da Emigración xeraranse ferramentas tecnolóxicas de información e comunicación que dean visibilidade ás actividades das entidades galegas, garantan espazos abertos de comunicación (foros, vídeo-conferencias, páxinas web...) para o uso dos galegos e as entidades no exterior.

**11.1.4 XUVENTUDE**

**LIÑA 4.1 PROXECTOS PROMOVIDOS POLA XUVENTUDE.**

**PROGRAMA 4.1.1 Axudas para a realización de proxectos promovidos pola xuventude**

Promove implicar e facer partícipe á xuventude vinculada aos colectivos galegos residentes no exterior na realización de proxectos creativos, formativos, de participación e de intercambio cultural que fomenten a integración dos mozos nas estruturas orgánicas das entidades galegas no exterior, propiciando desta forma a renovación xeracional dos mesmos

**LIÑA 4.2 PROGRAMAS DE BOLSAS DESTINADOS AOS CIDADÁNS GALEGOS NO EXTERIOR PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS E DE FORMACIÓN PROFESIONAL.**

Promove a realización de estudos universitarios oficiais, de intercambio e de formación profesional aos estudantes galegos no exterior dentro do sistema educativo de Galicia.

**PROGRAMA 4.2.1 Bolsas para a realización de estudos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional en calquera das tres universidades de Galicia.**



Adxudicación de bolsas ou prórroga das xa outorgadas, para a realización de estudos universitarios presenciais conducentes á obtención do título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico en calquera das tres universidades de Galicia por parte de galegos residentes no exterior.

**PROGRAMA 4.2.2**

**Bolsas para a realización de estudos conducentes á obtención do título de máster universitario en calquera das tres universidades de Galicia.**

Convocatoria de bolsas de nova adxudicación ou prórroga das xa outorgadas, para a realización de estudos conducentes á obtención do título de máster universitario, nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia por parte de galegos residentes no exterior.

**PROGRAMA 4.2.3**

**Bolsas de intercambio para a realización de ensinos universitarios en calquera das tres universidades galegas que teñan asinados convenios con países extracomunitarios.**

Convocatoria de bolsas para a realización de estudos presenciais conducentes á obtención do título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico en calquera das tres universidades de Galicia por parte de galegos residentes no exterior en programas de mobilidade conveniados entre calquera das universidades de Galicia con universidades de países extracomunitarios.

**PROGRAMA 4.2.4**

**Bolsas para a realización de estudos de formación profesional de grao superior en centros docentes públicos e centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan estes ensinos concertados.**

Convocatoria de bolsas para a realización de estudos de formación profesional de grao superior en centros docentes públicos e centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan estes ensinos concertados.

**LIÑA 4.3**

**PROGRAMAS DE AXUDAS PARA A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE CAMPAMENTOS E CAMPOS DE TRABALLO DIRIXIDOS A MOZOS DE ORIXE GALEGA OU DESCENDIENTES**



## DE GALEGOS QUE RESIDAN NO EXTERIOR

Facilita á xuventude da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares.

### PROGRAMA 4.3.1 Actividades de campamento

Convocatoria de prazas en campamentos e albergues xuvenís situados en Galicia, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, realizando actividades diferenciadas:

- Galicia: verde e azul: mellora do coñecemento sobre os espazos naturais de Galicia.
- Rutas coñece Galicia: Actividade de campamento itinerante para coñecer distintas localidades de Galicia complementada con actividades deportivas diversas.

### PROGRAMA 4.3.2 Campos de traballo

Convocatoria de prazas en diversos campos de traballo onde os mozos realizarán actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en diversos traballos na procura dun mellor coñecemento da nosa cultura, medioambiente e patrimonio.

### ACCIÓN 4.1 CONGRESOS DA XUVENTUDE GALEGA NO EXTERIOR

Desenvolveranse, de forma periódica e nas diferentes áreas con presenza das comunidades galegas, congresos de xuventude, nos que os mozos galegos residentes no exterior e os descendentes de galegos poidan contar cun foro no que expresar as súas inquietudes e ambicións como colectivo e poidan manter un diálogo interxeracional, aberto e franco, cos responsables das entidades galegas.

O obxectivo fundamental destes congresos é promover a integración dos mozos nas actividades e responsabilidades das entidades galegas e o



necesario recambio xeracional nas súas directivas. Este proceso, que debe ser progresivo, dialogado e acordado necesita do contacto e a confianza das xeracións que conforman a galeguidade. Estes congresos darán voz aos mozos e serán o xerme que garantirá a vida de moitas das nosas entidades.

#### ACCIÓN 4.2

#### PROGRAMAS DE MELLORA DAS CAPACIDADES DIRECTIVAS, DE XESTIÓN, DE COMUNICACIÓN E LIDERADO DOS MOZOS GALEGOS NO EXTERIOR

Como complemento necesario dos congresos de xuventude, desde a Secretaría Xeral da Emigración desenvolverase un catálogo de cursos formativos; tanto presenciais como online para mellorar as capacidades dos mozos galegos no exterior para polos en valor nas entidades galegas. Xestión administrativa, dirección, liderado, comunicación, voluntariado, políticas socio-asistenciais, planificación, xestión e control de proxectos, serán algúns dos programas formativos que se desenvolverán cos mozos.

#### ACCIÓN 4.3

#### INTERCAMBIOS DA XUVENTUDE GALEGA

Pór en relación ás asociacións xuvenís galegas con mozos integrados na vida asociativa das comunidades galegas no exterior. Xerar dinámicas de relación, traballo e xestión de proxectos comúns por parte da xuventude galega do interior e do exterior. Esta acción coordinarase coa Dirección Xeral de Xuventude.

#### ACCIÓN 4.4

#### FOMENTO DA INICIATIVA EMPRESARIAL, O EMPRENDEMENTO E O AUTOEMPREGO PARA MOZOS GALEGOS NO EXTERIOR E DESCENDENTES DE GALEGOS.

Apoiaranse as iniciativas tendentes ao coñecemento mutuo, a coordinación de iniciativas entre novos empresarios galegos do exterior con novos empresarios radicados en Galicia, a mellora na formación, o desenvolvemento de plataformas de comunicación e intercambio de experiencias e o acceso destes mozos a proxectos autonómicos de internacionalización e o comercio internacional, a través dun acceso actualizado ás oportunidades empresariais de Galicia.



### 11.1.5 RETORNO

#### LIÑA 5.1

ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO PARA EMIGRANTES GALEGOS CON VONTADE DE RETORNAR.

#### PROGRAMA 5.1.1

Subvencións dirixidas a entidades galegas no exterior para realizar accións de información, orientación e asesoramento para emigrantes galegos con vontade de retornar.

Ofrecer un servizo de información, orientación e asesoramento dirixido aos emigrantes galegos e descendentes residentes no exterior, sobre todas as materias e asuntos que poidan incidir nas súas relacións con Galicia, especialmente nas dirixidas ao retorno.

#### LIÑA 5.2

ACCIÓNS A FAVOR DEL RETORNO.

#### PROGRAMA 5.2.1

Axudas extraordinaria a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares.

Concede axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas aos emigrantes galegos/as retornados/as e aos seus familiares, para apoiar o seu retorno a Galicia, reforzando a cobertura ás persoas da terceira idade que se atopen en especial situación de vulnerabilidade; así como contar cun complemento das axudas concedidas para sufragar os gastos derivados do retorno consistentes en: traslado de efectos, gastos de viaxe de retorno e tradución e legalización de documentos.

#### ACCIÓN 5.1

TELÉFONO DE ATENCIÓN AO EMIGRANTE E RETORNADO

O Teléfono de atención ao emigrante e retornado funcionará como un call-center e porá a disposición de todos os seus usuarios unha liña telefónica cun amplo horario de atención, de luns a venres durante todo o ano.

#### ACCIÓN 5.2

OFICINAS DE INFORMACIÓN NO EXTERIOR:



As oficinas de Información no exterior abriranse naqueles países que nos últimos anos dispuxeran dun maior índice de poboación retornada.

### ACCIÓN 5.3 ELABORACIÓN DA LEI DO RETORNO

Con esta norma quérese dotar dun marco xurídico estable á política de retorno en Galicia, nunha concepción de política activa de integración que vai máis aló da tradicional de carácter estritamente asistencial e que, ademais, sirva para abordar outros aspectos relacionados coas persoas ás que vai dirixida, en particular, á asistencia nos seus países de orixe para mellorar a súa situación, establecer canles de colaboración e participación, e ten como principal finalidade, favorecer e facilitar o retorno a Galicia dos emigrantes galegos.





## 12. CONCLUSIÓNS DOS RELATORIOS DO IX CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS. MONTEVIDEO. DECEMBRO 2009.

### 12.1 CONCLUSIÓNS DO PRIMEIRO RELATORIO:GALEGUIDADE

Reunida a Comisión de traballo do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas para o debate do Relatorio: “Galeguidade”, presidida por D. Enrique Repiso Muriedas acordouse a aprobación por unanimidade das seguintes conclusións:

1. Ante o debate de se é ou non necesaria unha nova Lei da galeguidade acordase manter a actual -Lei de Recoñecemento da Galeguidade- e os cambios que compre facer instrumentalizáranse mediante o desenvolvemento regulamentario da mesma, correspondendo ao Pleno do Consello, tal e como actualmente está constituído, e co instrumento da Comisión Delegada, propoñer á Xunta de Galicia dita regulamentación.
2. A Comisión Delegada como órgano representativo da galeguidade debe ter a máxima representatividade e operatividade, aberta a posibles modificacións e melloras, para unha maior eficacia.

Propóñense as seguintes modificacións:

Reiterase a necesidade de actualizar o regulamento interno de funcionamento da Comisión Delegada para unha maior eficacia nas súas actuacións e xestión, nos seguintes aspectos:

- a) Representatividade e composición da Comisión Delegada. Proponse manter a distribución de centros con galeguidade recoñecida e centros colaboradores.
- b) No referente á elección dos representantes da Comisión Delegada, expónse facer unha distribución por áreas en España para asegurar unha maior representatividade.

Proponse a apertura dun período electoral, ao menos de tres meses, antes da celebración do Pleno, onde os candidatos dean a coñecer as súas propostas e programas a través da portal web “galiciaaberta.com”.

- c) Períodos de representatividade e rotación dos membros da Comisión Delegada.  
Expúxose establecer un límite á reelección dos membros da Comisión Delegada que se establece en dous períodos consecutivos como máximo.



- d) Reunións da Comisión Delegada  
Considerase necesario engadir máis reunións para os membros das tres áreas onde se tratarán temas específicos que serán expostos na reunión conxunta de carácter anual.
  - e) Encomendase á Comisión Delegada a elaboración dos relatorios que se van a presentar no Consello, así como sometelos a súa aprobación coa suficiente antelación. Así mesmo, dita Comisión terá que facer unha memoria anual informando do traballo desenvolvido e darlo a coñecer a todos os centros galegos.
  - f) Instase a dotar de recursos á Comisión Delegada para que desenvolva o cometido que ten encomendado.
  - g) A Comisión Delegada debe velar polo cumprimento dos acordos adoptados tanto no seu seo como no do Consello de Comunidades Galegas e que eses acordos se teñan en conta pola Xunta de Galicia.
  - h) No procedemento de concesión ou denegación do recoñecemento Galeguidade aos centros debese consultar á Comisión Delegada
3. Difundir a cultura galega mediante o desenvolvemento de actividades e distintas iniciativas socioculturais que afundan nos nosos valores, tradicións e na nosa lingua.
4. As Comunidades Galegas de España solicitan o seu dereito a acollerse aos beneficios da política de retorno.
5. Solicítase da Xunta de Galicia a realización dun estudo das colectividades galegas e da súa capacidade, artellando métodos e recursos apropiados para favorecer a fusión das entidades dunha mesma área de influencia. No caso de que estas fusións en determinadas entidades non sexan posibles se deben apoiar institucionalmente.
6. Promover por parte dos centros galegos a participación activada mocidade no traballo e na dirección das entidades galegas coa finalidade de garantir a súa supervivencia.



7. Os procesos de integración e unión de entidades debe partir dunha primeira fase de achegamento mediante a coordinación de actividades e de servizos conxuntos, como fase previa para avanzar nun proceso común de integración.
8. Instase á Xunta de Galicia para que promova e apoie a creación de entidades educativas no exterior, creando así un espazo educativo galego que permita a educación dentro da galeguidade na diáspora.
9. É unha demanda constante da emigración galega, xa exposta en anteriores Consellos, a necesidade de dar a coñecer en Galicia a historia da nosa emigración, ben a través do ensino regulado ou ben á marxe do mesmo.
10. Instar á Xunta de Galicia a que amplíe o número de Delegacións no exterior para facilitarlles aos galegos o exercicio dos seus dereitos e as posibles prestacións ás que poidan acceder.
11. Para poñer fin ao cuestionamento existente sobre a participación dos residentes no exterior nos procesos electorais, débese garantir o exercicio do voto en urna.



## 12.2 CONCLUSIÓNS AO SEGUNDO RELATORIO: MULLER E XUVENTUDE

Reunida a Comisión de traballo do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas para o debate do Relatorio “Muller e Xuventude”, presidida por D<sup>a</sup> Susana López Abella, acordouse a aprobación por unanimidade das seguintes conclusións:

1. Solicítase ao Goberno da Xunta de Galicia, para que transmita ao Congreso e ao Senado o acordo tomado no seo da Comisión de “Muller e Xuventude” dentro do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas, a necesidade de promover a reforma do Código Civil, no capítulo de nacionalidade, mediante o ditado dunha lei específica, que conteña entre outras materias, que se estenda esta a todos os fillos e netos de españois sen restrición ningunha e, con expresa mención á muller emigrante.
2. Proponse que se promocióne a integración da muller no eido laboral en todos os sectores e en igualdade de condicións, a través dos distintos programas de formación do goberno galego, así como das outras administracións do estado español.
3. Solicítase así mesmo, que se promocióne a capacitación axeitada e adecuada á xuventude, non só coa finalidade de introducila no eido institucional e cultural senón tamén no laboral, a través das accións que se leven a cabo por parte do goberno galego e outras institucións do estado español.
4. Visualízase a necesidade de promover a incorporación da muller en cargos de decisión dentro das entidades, así como a súa participación activa nas actividades dos mesmos.
5. Solicítase que dende a Secretaría Xeral da Emigración se realice unha campaña para conseguir esa paridade de homes e mulleres nos centros directivos, de maneira que non prevaleza discriminación ningunha por razón de sexo.
6. Con motivo do ano Xacobeo 2010, solicítase que se promova que os mozos participen neste, que se fomenten intercambios entre eles, así como tamén que se habilite unha páxina web a través da Secretaría Xeral da Emigración, que sirva como foro de intercambio da xuventude galega no exterior.



7. As entidades e os centros galegos deben interiorizar a necesidade de captación, motivación e integración da xuventude nas actividades que distinguen o obxecto social das institucións. Da xuventude depende o futuro das institucións e, é necesario reflexionar e afondar na importancia nos centros galegos da educación interxeracional e a aceptación por parte dos maiores dos máis novos.
8. Faise necesario promover actividades alternativas para a xuventude galega do Exterior de acordo coas novas necesidades sociais e de ocio, coa finalidade de motivar a súa participación activa e plena no desenvolvemento e futuro dos centros.
9. Proponse favorecer a presenza de mulleres entre os doce membros da Comisión Delegada, para o cal se solicita que un membro de cada área xeográfica sexa unha muller.



### 12.3 CONCLUSIONS AO TERCEIRO RELATORIO: POLITICAS SOCIOASISTENCIAIS

1. Realizar un estudo, un proxecto especial para os galegos emigrantes que residen en Venezuela, dada a actual situación de crise económica social que atinxe a este país.
2. Manter as axudas aos Centros Galegos, con especial atención aos de Venezuela, dado o incremento enorme de gastos que están a ter en vixilancia, valado de instalacións con electrificación, ante a actual situación de inseguridade que se esta vivir neste país.
3. Facer as xestións necesarias para que, no caso de falecemento dunha persoa beneficiaria dunha prestación económica por ancianidade no Goberno de España, quede asegurada a asistencia sanitaria ao cónxuxe viúvo.
4. Que se considere de forma especial ás entidades galegas que como o Hogar Gallego para Ancianos de Domselar inauguraron obras para enfermos que parecen Alzheimer.
5. Que se axilicen na medida do posible os tramites de solicitudes que afecten as persoas de máis idade.
6. Potenciar as actividades nos centros dedicados ás persoas maiores ben con cursos ou con outro tipo de accións que contribúan ao benestar integral do adulto maior con manualidades terapéuticas, obradoiros de teatro, pintura, alfabetización informática, ioga, ximnasia, flexibilidade, expresión corporal, ... Con estas actividades atrasaríase a aparición de enfermidades dexenerativas.
7. Dada a idade avanzada da emigración galega en América o número de persoas afectadas polas enfermidades de Alzheimer, Parkinson e demencia senil comeza a ser moi elevado polo que se propoñen axudas para que estes enfermos podan ser atendidos nas residencias adecuadas.
8. Apoiar a construción de xeriátricos e rematar os que están en construción, especificamente o que estar a realizar o Centro de Boiro en Bos Aires.



9. Que se manteñan as axudas económicas individuais con especial atención a persoas con enfermidade, que teñan familias dependentes, así como as axudas ás entidades que prestan servizos asistenciais e sanitarios.
10. Dada a carestía das medicinas nos diferentes países de Sudamérica que imposibilita que as persoas maiores enfermas podan medicarse, solicítase o envío de cargamentos de medicinas tal e como se realizaron en 2001 e 2002. Estes cargamentos deben ir a nome das entidades que prestan servizos asistenciais e sanitarios.
11. Propoñer que as entidades galegas fagan campañas de recollida de medicinas procedendo, a través da Xunta de Galicia, o seu envío aos Centros Galegos de destino.
12. Que se remitan as conclusións deste relatorio a todos os grupos políticos do Parlamento Nacional para que poidan instar ao goberno a realizar as modificacións necesarias para posibilitar a mellora das axudas e prestacións aos emigrantes en situación de necesidade.
13. Intentar políticas de esforzo compartido que distribúan a carga entre todos os contribuíntes similar ao modelo implantado nalgúns países de Europa como Alemaña.
14. Potenciar as xinerxias de todas as entidades para conseguir un maior alcance na atención socio-sanitaria, vía unificación ou mediante traballos conxuntos.
15. Promover o recoñecemento do fenómeno histórico e social da emigración.
16. Manter os programas como vacacións para lembrar que permiten o achegamento á terra dos participantes residentes en España e Europa.
17. Mellorar a coordinación entre concellos e goberno central para os tramites relativos á lei de dependencia.
18. Agradecer á Xunta de Galicia a implantación da tarxeta sanitaria que permitirá a atención sanitaria nas viaxes a Galicia.



## 12.4 CONCLUSIÓNS AO CUARTO RELATORIO: TECNOLOXÍA ECULTURA

En relación á plataforma virtual da emigración galiciaaberta.com, indícase que esta representa unha boa ferramenta , en canto a ofrecer una canle de comunicación dixital das accións que a Secretaría Xeral da Emigración ten en marcha ao redor dos seus programas de actividades, contemplando as accións promovidas polas diferentes colectividades galegas.

1. Aspectos sobre os que traballar e mellorar no futuro. A presentación e distribución dos contidos do portal deberá seguir pautas da denominada Web 2.0 (maior participación dos usuarios), ademais de conseguir que esta estea segmentada atendendo a diferentes áreas de interese como mocidade, axendas de actividades dos centros, información de contacto, tramitación de solicitudes, actualización dos datos do directorio de comunidades galegas, localización e posicionamento dos contidos ofertados a través dos principais buscadores, novos formatos de contidos como RSS e servizos de subscrición e alertas sobre contidos (boletíns electrónicos).
2. Crear un programa de xestión integral de entidades que unifique nun futuro a xestión coa administración. Facilitar ás entidades o acceso e a utilización do devandito programa. Proponse que os estudantes universitarios presenten este proxecto como traballo de fin de carreira.
3. Plataforma de formación on-line: a teleformación é unha área identificada como un novo medio onde seguir ofrecendo formación a un número superior de persoas, xestionándoa en menor tempo. Esta deberá estar centrada ao redor da programación oficial da Secretaría da Emigración, ofrecendo novos contidos ao redor de coñecementos como: a cultura e lingua galegas, as redes sociais, a pedagogía, a educación dixital e a capacitación.
4. Servizo de e-administración (administración electrónica): outro aspecto importante identificado, é que o portal Galiciaaberta.com deberá apostar pola modernización, estandarización e presentación dos diferentes trámites que as comunidades galegas e os diferentes colectivos de emigrantes realizan coa administración pública galega.
5. As comunidades galegas como espazos de interese onde aprender a utilizar a tecnoloxía, potenciando e favorecendo a aprendizaxe e a divulgación tecnolóxica con programas deseñados a medida para os distintos niveis. O seu obxectivo non será simplemente o de formar a usuarios senón o de formar a construtores de tecnoloxía. Nos cursos, as persoas aprenderán xuntas a





compartir os propios proxectos e a organizarse en grupos de traballo, formando distintas redes sociais interconectadas que acheguen novos proxectos, tecnoloxías e programas.

6. Nos centros galegos independentemente de que tamén se desenvolvan actividades “clásicas” neste ámbito, propóñense actividades ao redor das TIC’s (tecnoloxías da información e comunicación); como facilitar a libre navegación gratuíta, axudar ás persoas de toda condición e idade a relacionarse e axudarse mediante Internet e as TIC’s.
7. As comunidades galegas acompañando nas accións de divulgación e promoción de conferencias por parte de persoas implicadas no desenvolvemento da cultura tecnolóxica. Estas conferencias terían dinámicas múltiples como a participación e moderación do público tanto presencial como virtual (a través de portal Galiciaaberta.com).
8. Asociacionismo 2.0. Nos últimos tempos estamos a ver como a explosión das chamadas “redes sociais” están a configurar novos mecanismos e dinámicas con características propias como a velocidade de resposta e mobilización masiva. As novas xeracións son moito mais proclives ao uso deste tipo de tecnoloxías sociais; poderíase dicir que as redes sociais representan para as asociacións un medio idóneo para atraer a todos cara ao compromiso e o activismo cidadán. Polo tanto propónse implementar unha destas redes sociais.
9. Formación de formadores: fomentar a formación de novos formadores que actúen como membros permanentes das comunidades galegas.
10. Dixitalización documental dos arquivos das entidades galegas. Creación dentro da Cidade da Cultura de Galicia dun pavillón dedicado ao Museo–Arquivo da Emigración Galega.
11. Coordinar esforzos entre a administración e as entidades galegas das disintas áreas xeográficas para a creación dun Instituto Integral de formación cultural Galega. Compromiso de difusión, tanto por parte das administración públicas como das entidades galegas utilizando todos os medios ao seu alcance.



### 13. CONCLUSIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS. SANTIAGO DE COMPOSTELA. AGOSTO 2010.

#### **Presidente**

D. Santiago Camba Bouzas secretario xeral da Emigración

#### **Secretario**

D. Carlos Santiso Barros, xefe do servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas.

#### **Vogais**

##### **Área de España:**

D. Ernesto Lagarón Vidal, Agrupación Cultural Saudade

D. Antonio Barbosa Fernández, Casa de Galicia de Valladolid

D. Jaime Ovidio Campello Teijido, Casa Cultural de Galicia de Elgoibar

D. Raimundo Alfredo Otero, García, Lar Gallego de Sevilla

##### **Área de Europa:**

D. Xosé A. Fernández Corral, S.C.R. "O Lar Galego" de Rotterdam.

D. Nicolás Miño Suárez, Centro Gallego de Londres.

D. Martín Maceiras Santamariña, Centro Galego de Hannover e. V.

D. Xosé Constenta Suárez, A Nosa Galiza de Xenebra

##### **Área de América:**

D. Antonio Piñón Martín, Hermandad Gallega de Venezuela

D. José M. Segade Díaz, Centro Gallego de Montevideo

D. José M<sup>a</sup> Vila Alén, Centro Galicia de Buenos Aires

D. Enrique Repiso Muriedas, Sociedad Vivero y su Comarca de la Habana



**Membros Natos:**

D. Julio Martínez Fernández, Centro Gallego de Buenos Aires

D. Manuel Ramos Pérez, Casa Galicia de Montevideo

**MEMORIA DE ACTIVIDADES:**

A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, unha vez escoitada o informe de memoria de actividades do secretario xeral da Emigración, ante a proposta de limitar a idade de participación en escolas abertas a menores de 35 anos, e co obxecto de potenciar a participación da xuventude galega no exterior na vida societaria da Galicia exterior, comparte esta iniciativa.

Así mesmo acepta a proposta do secretario xeral da Emigración, de dar un maior protagonismo ás entidades galegas á hora de ser informados e consensuar programas de axuda da Secretaría Xeral da Emigración, fundamentalmente en materia de axudas asistenciais individuais, campamentos e campos de traballo e os diferentes programas de Reencontros.

A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas solicita unha maior axilidade e simplicidade na tramitación das diferentes resolucións de axuda e subvención. O secretario xeral da Emigración pretende que as resolucións de convocatoria estean publicadas antes de fin de ano de 2010 e resoltas antes da finalización do mes de marzo de 2011, co obxecto de que os centros realicen unha mellor planificación das súas actividades.

Os representantes da Comisión Delegada da área de España, solicitan da Secretaría Xeral da Emigración un esforzo en materia de organización de actividades para a xuventude dentro das comunidades do territorio español.



#### **LEI DE GALEGUIDADE**

A Comisión Delegada de acordo coa Secretaría Xeral da Emigración abre un período de debate de 4 a 6 meses sobre a reforma de diferentes aspectos da Lei. A Comisión Delegada entende a necesidade de actualizar a Lei da Galeguidade e a regulación dos diversos órganos da mesma.

Proponse unha reunión desta comisión ao finalizar este proceso de reflexión que poida presentar unha proposta de anteproxecto consensuado ao Consello de Goberno da Xunta de Galicia para o seu posterior envío ao Parlamento de Galicia.

#### **LEI DE RETORNO**

Unha vez escoitado o anteproxecto de lei de retorno presentado pola Secretaría Xeral da Emigración a Comisión Delegada do Consello entende a necesidade de fixar un marco lexislativo que defina e regule a condición de galego retornado.

Esta comisión entende esencial o desenvolvemento deste marco xurídico para poder xerar, con posterioridade, medidas efectivas que garantan os dereitos dos retornados galegos.

Así mesmo a Secretaría Xeral da Emigración, co obxecto de mellorar e unificar a información de interese para os galegos do exterior con vontade de retorno comprométese a editar no prazo máximo dun mes a guía galega do retorno.

#### **PLAN INTEGRAL DE EMIGRACIÓN 2011 – 2013**

A comisión delegada do Consello de Comunidades galegas recibiu a proposta do plan integral de emigración elaborado pola Secretaría Xeral da Emigración e dáse un prazo dun mes para poder efectuar as oportunas valoracións sobre o citado documento.



#### COMISIÓN DELEGADA.

A Secretaria Xeral da Emigración co obxecto de mellorar a capacidade de información e comunicación da Comisión Delegada propón a xeración dun espazo informativo e comunicativo específico dentro do portal galiciaaberta.com.

A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas propón o cumprimento do acordo adoptado en anterior sesión dun reparto territorial nas diferentes zonas para que os membros desta comisión poidan informar das entidades con galeguidade recoñecida.

A Secretaria Xeral da Emigración comprométese a facer unha proposta neste sentido antes de 30 días.

A Comisión Delegada manterá aberto o debate sobre a conveniencia de manter reunións por separado das distintas zonas xeográficas previamente á celebración das Comisións Delegadas conxuntas. Estudarase a forma máis axeitada e consensuada de levar a cabo esta iniciativa.

#### FUSIÓN E/OU INTEGRACIÓN DAS ENTIDADES GALEGAS.

A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas é consciente da necesidade de emprender un proceso racional e consensuado para promover a fusión ou integración das comunidades galegas co obxecto de impedir a perda do patrimonio da galeguidade, material e inmaterial, mellorar a eficiencia, eficacia e racionalización do gasto das actuacións das entidades galegas e ampliar a súa base societaria. Compreendendo a dificultade deste proceso tamén é consciente a comisión delegada da necesidade de afrontalo dunha forma clara e decidida.

#### AXUSTES ORZAMENTARIOS

A Comisión Delegada é consciente da difícil situación económica a nivel global que afecta de forma xeral a todos os países e informada pola Secretaría Xeral da Emigración da política da Xunta de Galicia de racionalización do gasto público, entende e comparte a necesidade conxunta de



reflexionar e emprender accións que garantan o necesario esforzo en políticas socioasistenciais cara aos sectores máis vulnerables da Galicia exterior.

A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas comprométese a emprender accións informativas cara ao conxunto da galegidade para transmitir a necesidade de axustar as políticas do gasto das entidades galegas, emprender políticas de eficiencia económica nas mesmas e a promover a necesaria colaboración das entidades galegas para coordinar actividades conxuntas que desenvolvan unha cultura de austeridade como está a facer o conxunto da sociedades galega.

E para iso, a continuación propoñen á Secretaría Xeral da Emigración que se fixen criterios claros e efectivos de aforro naquelas actividades non esenciais para a Galicia exterior.

#### **REXEITAMENTO Á REFORMA DA LOREG**

A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas quere amosar o seu máis rotundo rexeitamento ante a reforma da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, feita pola subcomisión de reforma electoral do Congreso dos Deputados de España no sentido de eliminar o dereito de voto dos españois residentes ausentes nas eleccións municipais, e a inadmisíbel proposta de rogo de voto no resto dos procesos electorais españois.

Dende esta comisión delegada queremos transmitir o sentir xeral da Galicia exterior no sentido de que esta conculcación dos dereitos electorais e tamén unha conculcación dos dereitos fundamentais dos galegos no exterior como cidadáns españois.



**14. ENTIDADES COA GALEGUIDADE RECOGIDA**

<b>A GALEGUIDADE NO ESTADO ESPAÑOL</b>			
<b>ENTIDADE</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>COMUNIDADE AUTONOMA</b>	<b>ÁREA</b>
CASA GALICIA DE CÁDIZ	EL PUERTO DE SANTA MARÍA - CÁDIZ	ANDALUCÍA	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN CÓRDOBA	CÓRDOBA	ANDALUCÍA	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE MÁLAGA	MÁLAGA	ANDALUCÍA	ESPAÑA
LAR GALLEGO DE SEVILLA	SEVILLA	ANDALUCÍA	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE ZARAGOZA	ZARAGOZA	ARAGÓN	ESPAÑA
LAR GALLEGO	AVILES	PRINCIPADO DE ASTURIAS	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE GIJÓN	GIJÓN	PRINCIPADO DE ASTURIAS	ESPAÑA
CASA DE GALICIA DE LAS PALMAS	LAS PALMAS DE GRAN CANARIA	CANARIAS	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE SANTA CRUZ DE TENERIFE	SANTA CRUZ DE TENERIFE	CANARIAS	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE SANTANDER	SANTANDER	CANTABRIA	ESPAÑA
CENTRO GALEGO EN BURGOS	BURGOS	CASTILLA E LEÓN	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN LEON	LEÓN	CASTILLA E LEÓN	ESPAÑA
O CENTRO GALEGO DE MIRANDA DE EBRO	MIRANDA DE EBRO - BURGOS	CASTILLA E LEÓN	ESPAÑA
CENTRO GALICIA EN PONFERRADA	PONFERRADA - LEÓN	CASTILLA E LEÓN	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA	SALAMANCA	CASTILLA E LEÓN	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN VALLADOLID	VALLADOLID	CASTILLA E LEÓN	ESPAÑA
AGRUPACION CULTURAL SAUDADE	BARCELONA	CATALUÑA	ESPAÑA



AMIGOS DA GAITA "TOXOS E XESTAS"	BARCELONA	CATALUÑA	ESPAÑA
ASOCIACIÓN "COVA DA SERPE"	BARCELONA	CATALUÑA	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE BARCELONA	BARCELONA	CATALUÑA	ESPAÑA
ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA ROSALÍA DE CASTRO	CORNELLÁ DE LLOBREGAT - BARCELONA	CATALUÑA	ESPAÑA
CASA GALEGA DE L'HOSPITALET	HOSPITALET DE LLOBREGAT	CATALUÑA	ESPAÑA
CENTRO GALEGO DE LLEIDA (CASA DE GALICIA)	LLEIDA	CATALUÑA	ESPAÑA
HERMANDAD "A NOSA GALIZA"	MOLLET DEL VALLÉS	CATALUÑA	ESPAÑA
IRMANDADE GALEGA DE RUBÍ	RUBI	CATALUÑA	ESPAÑA
CENTRO CULTURAL Y SOCIAL "AIRIÑOS DA NOSA GALICIA"	SANTA COLOMA DE GRAMANET	CATALUÑA	ESPAÑA
CENTRO GALEGO NÓS SABADELL	SABADELL - BARCELONA	CATALUÑA	ESPAÑA
CENTRO GALEGO DE TARRAGONA	TARRAGONA	CATALUÑA	ESPAÑA
IRMANDADE GALEGA "O NOSO LAR" DE TERRASSA	TERRASA	CATALUÑA	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN BADAJOZ	BADAJOZ	EXTREMADURA	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE MALLORCA	PALMA DE MALLORCA	ISLAS BALEARES	ESPAÑA
CENTRO GALEGO DE LA RIOJA	LOGROÑO	LA RIOJA	ESPAÑA
CASA GALLEGA DE FUENLABRADA	FUENLABRADA	MADRID	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE MADRID	MADRID	MADRID	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE MURCIA	MURCIA	MURCIA	ESPAÑA
LAR GALLEGO DE PAMPLONA	PAMPLONA	COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA	ESPAÑA
CENTRO GALEGO DE BIZKAIA EN BARAKALDO	BARAKALDO - VIZCAYA	PAIS VASCO	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN BILBAO	BILBAO	PAIS VASCO	ESPAÑA





CASA CULTURAL DE GALICIA "AS BURGAS"	EIBAR	PAIS VASCO	ESPAÑA
CASA CULTURAL DE GALIZA DE ELGOIBAR	ELGOIBAR - GUIPÚZCOA	PAIS VASCO	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE ERMUA	ERMUA	PAIS VASCO	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN GUIPUZCOA	GUIPÚZCOA - SAN SEBASTIÁN	PAIS VASCO	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE LLODIO	LLODIO - ÁLAVA	PAIS VASCO	ESPAÑA
CASA DE GALICIA DE ONDARROA	ONDARROA - VIZCAYA	PAIS VASCO	ESPAÑA
CASA DE GALICIA EN SANTURCE	SANTURCE - VIZCAYA	PAIS VASCO	ESPAÑA
AGRUPACION HIJOS DE GALICIA DE SESTAO	SESTAO - VIZCAYA	PAIS VASCO	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO EN ALAVA	VICTORIA - ÁLAVA	PAIS VASCO	ESPAÑA
SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA CARBALLEIRA	ZARAUTZ - PAÍS VASCO	PAIS VASCO	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE VALENCIA	ALBORAYA	VALENCIA	ESPAÑA
CENTRO GALLEGO DE ALICANTE	ALICANTE	VALENCIA	ESPAÑA
CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ O ATURUXO	CASTELLÓN	VALENCIA	ESPAÑA

### A GALEGUIDADE EN EUROPA

ENTIDADE	LOCALIDADE	PAÍS	ÁREA
CLUB GALICIA DE BONN e. V.	BONN	ALEMAÑA	EUROPA
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE CUXHAVEN e.V.	CUXHAVEN	ALEMAÑA	EUROPA
CENTRO CULTURAL GALLEGO DE FRANKFORT DEL MENO e.V.	FRANKFURT AM MAIN	ALEMAÑA	EUROPA
CENTRO GALEGO DE HANNOVER e.V.	HANNOVER	ALEMAÑA	EUROPA
PEÑA GALEGA DE MUNICH e.V.	MUNICH	ALEMAÑA	EUROPA
CENTRO GALEGO DE NÜRNBERG e.V.	NUREMBERG	ALEMAÑA	EUROPA
ASOCIACIÓN CULTURAL CASA DE GALICIA	ANDORRA LA VELLA	ANDORRA	EUROPA
CASA DE GALICIA EN BRUSELAS	BRUSELAS	BÉLXICA	EUROPA



CENTRO GALEGO DE BRUXELAS	BRUSELAS	BÉLXICA	EUROPA
CENTRO GALLEGO DE MARSELLA	MARSELLA	FRANCIA	EUROPA
SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA "O LAR GALEGO"	ROTTERDAM	HOLANDA	EUROPA
XUVENTUDE DE GALIZA – CENTRO GALEGO DE LISBOA	LISBOA	PORTUGAL	EUROPA
CENTRO GALEGO DE LONDRES	LONDRES	REINO UNIDO	EUROPA
SOCIEDADE GALEGA "SEMENTEIRA"	BASILEA	SUÍZA	EUROPA
CENTRO GALLEGO DE BERNA	BERNA	SUÍZA	EUROPA
IRMANDADE GALEGA NA SUIZA	GINEBRA	SUÍZA	EUROPA
SOCIEDADE "A NOSA GALIZA"	GINEBRA	SUÍZA	EUROPA
CENTRO GALLEGO DE LE LOCLE	LA CHAUX DE FONDS	SUÍZA	EUROPA
PROMOCION DA CULTURA GALEGA	LAUSANNE	SUÍZA	EUROPA
CENTRO GALEGO DE LUCERNA	LUCERNA	SUÍZA	EUROPA
CENTRO GALICIA DE OLTEN	OLTEN	SUÍZA	EUROPA
CENTRO GALEGO DE ZUG "A NOSA TERRA"	STEINHAUSEN	SUÍZA	EUROPA
PROMOCION DA CULTURA GALEGA	ZURICH	SUÍZA	EUROPA
<b>A GALEGUIDADE EN AMÉRICA</b>			
<b>ENTIDADE</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>PAÍS</b>	<b>ÁREA</b>
CENTRO GALLEGO DE AVELLANEDA	AVELLANEDA	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE PUERTO DEL SON	AVELLANEDA	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN FINISTERRE EN AMERICA	AVELLANEDA	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN BENÉFICA CULTURAL DEL PARTIDO DE CORCUBIÓN	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN CENTRO PARTIDO DE	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA



CARBALLINO			
ASOCIACIÓN MUTUALISTA RESIDENTES DE VIGO	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN DE OLEIROS, MUTUAL, CULTURAL Y RECREATIVA	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN CIVIL HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE BOIRO	AVELLANEDA	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN GALEGA RESIDENTES DE MOS DE MUTUALIDAD, CULTURA Y RECREO	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN TUY SALCEDA	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN UNIÓN DEL PARTIDO JUDICIAL DE ORDENES CULTURAL Y RECREATIVA	VALENTIN ALSINA	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN CASA DE GALICIA	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO ARZUANO MELLIDENSE	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN CENTRO BETANZOS	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO CULTURAL DEL PARTIDO DE LA ESTRADA	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALICIA DE BUENOS AIRES, CULTURA, SOCIAL Y DEPORTIVO	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DECONFRATERNIDAD HISPANO ARGENTINA DE TANDIL	TANDIL	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO LALIN DE BUENOS AIRES, SOCIAL, CULTURAL Y RECREATIVO	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO NOYA RIANXO ASOCIACIÓN CIVIL	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CÍRCULO SOCIAL DE VALLE MIÑOR	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
HOGAR DE RIBADUMIA EN BUENOS AIRES	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
SOCIEDAD PARROQUIAL DE VEDRA DE	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA



MUTUALIDAD Y CULTURA			
ASOCIACIÓN CIVIL UNIÓN RESIDENTES DE OUTES	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE SOCORROS MUTUOS DE COMODORO RIVADAVIA, CULTURAL Y DEPORTIVO	COMODORO - RIVADAVIA	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE LA PLATA	LA PLATA	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE MAR DEL PLATA	MAR DEL PLATA	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO ASOCIACIÓN MUTUAL, CULTURAL Y RECREATIVO	ROSARIO	ARXENTINA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE SANTA FE	SANTA FE	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN HIJOS DE ZAS	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
HIJOS DE ARANTEY Y CENTRO VILLAMARIN PEROJANO MUTUAL, CULTURAL Y RECREATIVA	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN UNIÓN RESIDENTES DEL AYUNTAMIENTO DE CARBIA EN BUENOS AIRES	BUENOS AIRES	ARXENTINA	AMERICA
ASOCIACIÓN CULTURAL CABALLEROS DE SANTIAGO	RIO VERMELHO - SALVADOR	BRASIL	AMERICA
CENTRO RECREATIVO UNIÃO DO RIO TEA	LAURO DE FREITAS - SALVADOR	BRASIL	AMERICA
REAL SOCIEDAD ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA	SALVADOR	BRASIL	AMERICA
SOCIEDADE BENEFICIENCIA ROSALÍA DE CASTRO	SÃO PAULO	BRASIL	AMERICA
SOCIEDAD FILANTRÓPICA SANTA TERESA DE ÁVILA	SALVADOR	BRASIL	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE MONTREAL	MONTREAL	CANADA	AMERICA
AGRUPACIÓN ARTÍSTICA GALLEGA	LA HABANA (HABANA VIEJA)	CUBA	AMERICA
ASOCIACIÓN "NATURALES DE ORTIGUEIRA" SOCIEDAD ESPAÑOLA DE BENEFICIENCIAY	LA HABANA (CENTRO HABANA)	CUBA	AMERICA



PROTECCIÓN MUTUA			
SOCIEDAD CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO	LA HABANA (HABANA VIEJA)	CUBA	AMERICA
SOCIEDAD DE BENEFICENCIA DE NATURALES DE GALICIA	LA HABANA	CUBA	AMERICA
MONTERROSO Y ANTAS DE ULLA SOCIEDAD DE PROTECCIÓN E RECREO	LA HABANA	CUBA	AMERICA
SOCIEDAD ESTUDIANTIL CONCEPCION ARENAL	LA HABANA (CENTRO HABANA)	CUBA	AMERICA
VIVERO Y SU COMARCA	LA HABANA	CUBA	AMERICA
CENTRO UNION ORENSANA DE LA HABANA	LA HABANA	CUBA	AMERICA
AGRUP. SOCIEDADES REPRES.DE MUNICIPIOS Y PARROQUIAS DE GALICIA	LA HABANA	CUBA	AMERICA
LAR GALLEGO	SANTIAGO DE CHILE	CHILE	AMERICA
PEÑA DE GALICIA DEL CEOC, INC	HOLLYWOOD - CALIFORNIA	ESTADOS UNIDOS	AMERICA
CASA DE SANTA MARTA DE ORTIGUEIRA EN MIAMI	MIAMI	ESTADOS UNIDOS	AMERICA
UNIDAD GALLEGA DE LOS ESTADOS UNIDOS	ASTORIA	ESTADOS UNIDOS	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE PUERTO RICO, INC	SAN JUAN - PUERTO RICO	ESTADOS UNIDOS	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE MÉXICO, ASOCIACIÓN CIVIL	MÉXICO D.F.	MÉXICO	AMERICA
CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO CULTURAL Y RECREATIVO ALMA GALLEGA	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTIVO DE BOLOS VALLE MIÑOR	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO CULTURAL Y RECREATIVO HIJOS DE GALICIA	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO ORENSANO	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA



CENTRO PONTEVEDRES SOCIAL Y DEPORTIVO	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO SOCIAL Y CULTURAL BERGANTIÑOS	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DEL PUERTO DEL SON	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
PATRONATO DA CULTURA GALEGA	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
UNIÓN HIJOS DE MORGADANES RESIDENTES EN EL PLATA	MONTEVIDEO	URUGUAI	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE BARQUISIMETO	BARQUISIMETO	VENEZUELA	AMERICA
ASOCIACIÓN BENÉFICA HIJOS DE LALÍN	CARACAS	VENEZUELA	AMERICA
CENTRO BENÉFICO SOCIAL HIJOS DE LA ESTRADA	CARACAS	VENEZUELA	AMERICA
HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA	CARACAS	VENEZUELA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE MARACAIBO	MARACAIBO	VENEZUELA	AMERICA
CENTRO GALLEGO DE PUERTO LA CRUZ	LECHERÍA	VENEZUELA	AMERICA
HERMANDAD GALLEGA DE SANTO TOMÉ DE GUAYANA	PUERTO ORDAZ	VENEZUELA	AMERICA
HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA	VALENCIA	VENEZUELA	AMERICA
ASOCIACIÓN FILLOS DE GALICIA	MARACAY	VENEZUELA	AMERICA
ASOCIACIÓN BENÉFICA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	CARACAS	VENEZUELA	AMERICA